

VIÑO. Nace un grupo de traballo no SLG para dinamizar o sector vitivinícola ▶ 6

LEITE. A CNMC emite informe contrario a poder indicar a orixe dos lácteos na etiquetaxe ▶ 3



ACAPARAMENTO DE TERRAS Parque eólico de Pobra

O xenro de Florentino Pérez quere usurpar 6.670 ha. de terras de uso agrario e forestal en Mesía para un parque eólico ▶ 8 e 9



Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLIV - Nº 320 - Maio-Xuño 2018

CLAMOR SOCIAL CONTRA A MINA DE TOURO-O PINO



O 10 de xuño, a cidade de Compostela foi tomada por unha marea humana para expresar o rexeitamento rotundo da sociedade galega ao proxecto da mina de Touro O Pino. Aínda que é difícil precisar cantas persoas asistiron á manifestación, xa que a praza do Obradoiro quedou pequena e non deu acollido toda a xente, estímase que puideron ser unhas 60.000. Velaí a maioría silenciosa da que falan Atalaya Mining e o Partido Popular cando queren avalar o seu proxecto mineiro. Esa maioría agora di non. ▶ 12-13

Intensifícanse os debates para darlle unha viraxe labrega á PAC 2020

Nos últimos meses está a haber un intenso debate ao redor da reforma da Política Agraria Común, un tema sempre complexo do que tentamos adiantar algunhas claves neste Fouce. E, para iso, fixemos un resume dunhas xornadas no Parlamento Europeo e analizamos como a PAC podería favorecer á xente moza. ▶ 14-17 e 20-21



Campaña de sinaturas en Curtis contra os cambios no PXOM que deixan desprotexido o solo agrario e forestal ▶ 7

HORTA Entrevista a Xulio Rodríguez, da SAT Labregos de Lugo: “Unímonos para mellorar a calidade de vida e poder vivir deste oficio” ▶ 4 e 5

MINAS O Sindicato Labrego Galego denuncia diante da Fiscalía unha presunta actividade ilegal de Erimsa no concello de Frades ▶ 7

MEDIO AMBIENTE Informe negativo da Consellaría de Medio Ambiente contra o vertedoiro de Lousame ▶ 10



séguenos en

www.sindicatolabrego.com

e tamén en

[facebook](#)

[twitter](#)

EDITORIAL

Galiza debe escoller: depredación ou riqueza

O 10 de xuño, Compostela vivía unha manifestación histórica contra a mina de Touro e O Pino. Foi histórica porque nunca antes unha mobilización contra un proxecto mineiro convocara tanta xente na Galiza. Unha semana despois, o 16 de xuño, unha marcha multitudinaria convocada pola Asociación pola Defensa da Ría (APDR) saía de Pontevedra e Marín para denunciar, un ano máis, o cancro que supón manter o complexo industrial Ence-Elnosa na ría pontevedresa; un cancro que expande a súa metástase por toda Galiza en forma de eucalipto para fornecerse de materia prima.

Semella que a época na que as empresas campaban polo noso territorio ás súas anchas rematou. Cada vez son máis as persoas que rexeitan este consumo depredador e destrutivo do noso solo e dos nosos recursos naturais. Miles de galegos e galegas, organizadas en colectivos e tecendo redes por todo o territorio, están a facer posible unha oposición efectiva ao dereito de pernada empresarial coa nosa terra que teiman en manter os gobernos cómplices da Xunta con agasallos como a Lei de Depredación de Galiza. Miles de galegos e galegas xa pararon proxectos como do ouro en Corcoesto, o feldespató na Limia ou o seixo na Terra Chá e Mesía.

E en todas estas batallas estivo o Sindicato Labrego Galego na vangarda, defendendo os dereitos dos labregos e das labregas que, decotío, son os máis afectados. Cómpre ter en conta que, case sempre, este tipo de actividades empresariais tan agresivas preténdense levar adiante a costa dun ben indispensable para as actividades agrogandeiras: a terra. Só o impacto da actividade empresarial de Ence usurpa unha porcentaxe enorme do noso territorio para

“A agricultura e a gandería xeran riqueza, mentres que a minaría e industrias coma Ence teiman en seguir depredando os nosos recursos naturais e arrasando o país alí por onde pasan”

plantar eucalipto, a súa materia prima para producir celulosa: 425.000 hectáreas da nosa terra están ocupadas, hoxe en día, por eucaliptos, sexa en réxime de monocultivo, sexa en arborados mixtos. O plan forestal do PP iniciado en 1992 pretendía chegar a 245.000 hectáreas en 2032; mais a realidade superou a planificación e case dobraron esas hectáreas na metade do tempo previsto. Lonxe de tentar corrixir esta política desastrosa para Galiza e só beneficiosa para Ence, o novo plan forestal da Xunta pretende aumentar aínda máis a superficie dedicada a eucalipto: 25.000 hectáreas a maiores en vinte anos.

✓ **Galiza perdeu 265.000 hectáreas de solo agrario dende 1985**

Na outra banda, están as nosas granxas e as enormes dificultades que teñen para facerse cunha base territorial suficiente para que a súa actividade profesional sexa rendible. O agro galego perdeu dende 1985 unhas 265.000 hectáreas de uso agrogandeiro. Só entre 2013 e 2016, segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, Galiza perdeu 34.000 hectáreas de solo agrícola, máis dun 5% da súa superficie agraria total. Hoxe, aínda conservamos 621.000 hectáreas de solo para uso agrogandeiro, das cales 200.000 son de granxas de leite, que teñen unha media de 20 hectáreas por explotación, moi lonxe das 51 que ten de

promedio unha explotación leiteira da UE. Só para manter a competitividade no sector lácteo, precisaríase poñer a disposición das nosas granxas 130.000 hectáreas máis.

É unha verdadeira vergonza que unha soa empresa acapare, para producir pasta de celulosa, case tanta superficie territorial como a dedicada a producir alimentos na Galiza. O peor de todo é que o 95% desa pasta expórtase maioritariamente fóra da Península: aquí envelenamos a ría e hipotecamos o territorio para que países coma Alemaña ou Italia se enriquezan fabricando e vendendo o papel. Aquí, depredamos; fóra, xeran riqueza.

O exemplo de Ence serve para vermos que hai moitos motivos para continuar coa nosa loita. Porque despois de Corcoesto, A Limia ou a Terra Chá, virán outros proxectos que tentarán roubarnos o que nos corresponde por dereito: a nosa terra para producir alimentos.

Non hai moito, o PP concedeulle a Ence unha prórroga por 60 anos máis de actividade na Ría de Pontevedra, desoíndo o clamor de toda unha bisbarra que non quere que sigan envelenando o seu futuro, e o de todo un país que quere un medio rural vivo, con labregos e labregas traballando a terra e producindo alimentos para os galegos e as galegas con actividades sostíbles e con vocación de permanencia. Porque a agricultura e a gandería xeran riqueza, mentres que a minaría e industrias coma Ence teiman en seguir depredando os nosos recursos naturais e arrasando o país alí por onde pasan. Por iso, 60.000 persoas encheron as rúas de Santiago de Compostela o 10 de xuño: por que non estamos dispostos e dispostas a que sigan destruindo o noso país e as nosas vidas polo lucro desapiadado dunhas poucas empresas.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual



FOUCE

EDICIÓN
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servizos Agrarios e Contables SL

COORDINACIÓN
Xosé García Rodríguez

CONSELLO EDITORIAL:
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso e Conchi Mogo.

DESEÑO E MAQUETACIÓN
Xosé García Rodríguez

COLABORACIÓN
Isabel Vilalba Seivane, Rebeca Raso, Conchi Mogo, Henrique Outes, Andrés Castro, Diego Sánchez Agra e Belén Fervenza.

PECHE DE EDICIÓN 23-02-2018

ENDEREZO
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela 981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.com

NACIONAL Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
COMPOSTELA Idem Nacional. ☎ 981 588 532
MELIDE Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
ARZÚA Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
SANTA COMBA Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
ORDES Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
BETANZOS Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
TEIXEIRO Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
MOECHE Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154

VALDEORRAS Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
RIBADAVIA Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
XINZO San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
LUGO Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
SARRIA Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
CHANTADA Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
A FONSAGRADA Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
BECERREÁ Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
RIBADEO Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615

LOURENZÁ Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
VILALBA Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
MEIRA Avenida de Lugo 47-49. Edif. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
A ESTRADA Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
LALÍN Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
SILLEDA Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
PONTEAREAS Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
O ROSAL Ramón Franco, Edif. Rosales. ☎ 986 625 394
O SALNÉS Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

LEITE ▶ Esta nova normativa está amparada polo paquete lácteo aprobado en Bruxelas pola Comisión Europea e xa está vixente en países comunitarios como Italia ou Franza

A CNMC ataca a obriga de informar na etiquetaxe sobre a orixe dos lácteos

O SLG non entende por que o Ministerio de Agricultura pediu un informe a Competencia cando non tiña obriga de facelo

A instancias do Ministerio de Agricultura, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC) emitiu un informe en maio sobre o real decreto co que se quere regular a obriga de indicar a orixe do leite na etiquetaxe. Segundo ese informe, informar sobre a orixe dos lácteos *“pode ser relevante para o consumidor, pero tamén pode constituír unha restrición á libre circulación de mercadorías e, polo tanto, á competencia efectiva”*. A CNMC engade que *“este tipo de medidas poden ter un efecto proteccionista coa industria nacional, contribuíndo a compartimentar o mercado por zonas xeográficas”, polo que “debe extremarse a precaución á hora de introducir esta clase de obrigas”*.

Dende o Sindicato Labrego Galego, a secretaria xeral, Isabel Vilalba, criticou este informe argumentando que *“non se entende a postura da CNMC cando outros países comunitarios como Franza ou Italia xa desenvolveron e manteñen vixentes medidas para informar sobre a orixe do leite na etiquetaxe. Ademais, co remate do sistema de cotas, a Comisión Europea contemplou no paquete lácteo eximir das obrigas de competencia a un produto de primeira necesidade e perecedeiro coma o leite. Neste contexto, non entendemos por que o Ministerio de Agricultura teima en pedir un ditame á CNMC sobre esta cuestión cando non era necesario”*.

Sobre o criterio da CNMC, Isabel Vilalba recorda que



“dende o SLG xa temos denunciado noutras ocasións o funcionamento descaradamente parcial da CNMC á hora de fiscalizar e prohibir calquera iniciativa

que favoreza ás granxas en detrimento das industrias, como revisar os prezos en orixe para que non caian por baixo dos custes de produción. Na cuestión de in-

formar sobre a orixe dos lácteos na etiquetaxe, ademais, ten habido enquisas, como a realizada pola Unión de Consumidores de Galicia, na que o 97% das persoas enquisadas estaba a favor de que as industrias informen claramente sobre a orixe do leite. Informar sobre a orixe do leite é unha demanda da maior parte da sociedade, que se adapta ás normativas vixentes comunitarias e na que a Comisión dos Mercados e da Competencia non ten por que inmiscuírse”.

Respecto ao real decreto, a medida de informar sobre a orixe do leite afectaría a todas as especies gandeiras e tipos de lácteos (UHT, pasteurizado, condensado, en po, queixo, manteiga, nata, iogur...) que se comercialicen destinados a consumidores e consumidoras finais. Nesas etiquetas habería que indicar o país onde se muxiu o leite e onde se transformou e envasou. Quedarían excluídas as denominacións de orixe e as IXP, que se rexen pola súa propia normativa ao respecto.

O prezo medio do leite segue á baixa na Unión Europea, cunha caída do 14% dende xaneiro

Os últimos datos sobre o prezo do leite publicados polo Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) corresponden a abril de 2018 e apuntan un valor medio na Galiza de 30'8 céntimos por litro. Iso significa que, dende comezos de ano, o prezo medio do leite na Galiza descendeu 1 céntimo (en xaneiro estaba a 31'7 céntimos). Coma sempre, o prezo na Galiza está por baixo da media estatal, que se situou en abril nos 31'8 céntimos. Na veciña Asturias, a media nese mes foi de 34'2 céntimos.

Os datos coinciden co primeiro mes da campaña 2017-2018. En maio de 2017, traballaban na Galiza 8.355 granxas de leite, mentres que en abril de 2018 fixérono 7.866. Así, na Galiza pecharon nesa campaña 489 granxas, case o 6%.

Tal e como temos analizado en pasados meses, unha vez pasada a tendencia á suba do prezo do leite en toda Europa durante o 2017 pola escaseza de manteiga -alza da que non se beneficiou Galiza- agora a tendencia é a que os prezos caian, sobre todo debido a factores como o incremento da produción e a ausencia de controis públicos para evitar o exceso de oferta. Así o demostra a baixada do prezo medio na Unión Europea ao longo de todo o ano 2018: os últimos datos comunitarios, correspondentes a maio, son dun valor medio de 32'44 céntimos na Europa dos 28. De xaneiro a maio, o prezo medio do leite na Unión Europea acumulou unha baixada do 14%, segundo datos recompilados polo Milk Market Observatory.

XULIO RODRÍGUEZ BERMÚDEZ, SAT LABREGOS DE LUGO ▶ Hai uns quince anos, entrevistabamos a un mozo Xulio Rodríguez que estaba nos seus primeiros anos de carreira profesional na explotación hortícola familiar, no barrio de San Pedro da Torre (Mondoñedo). Dende aquela, moito choveu, e na súa traxectoria viu de todo: dende a tentativa de crear un selo de calidade propio para a horta galega á constitución da SAT Labregos de Lugo, que é todo un exemplo de que, en temas como a comercialización, a unión fai a forza.

“Unímonos para mellorar a calidade de vida e poder vivir deste oficio”

✓ Dende que falamos no ano 2003, supoño que cambiarían moitas cousas na túa maneira de traballar.

Dende aquela, construímos novas instalacións, como unha nave para traballar máis cómodos e un obradoiro para a elaboración de conservas que nos vén moi ben para hortalizas que che quedan sen vender cando temos picos de produción. Tamén investimos en maquinaria. Aínda que seguimos con 3.500 metros de invernadoiro, como ao principio, fixemos unha aposta forte polos cultivos no exterior, onde xestionamos 7 hectáreas contando leiras en barbeito e outras que dedicamos a abono verde.

✓ E cantas persoas facedes falta para levar todo isto?

Na explotación traballamos a muller e máis eu e, a maiores, temos un traballador contratado a tempo completo. A maiores, contratamos traballo temporal para acometer campañas, como a recollida de grelo e do repolo, e meu pai tamén bota unha man sempre que pode.

✓ Un dos principais cambios á hora de comercializar foi crear a SAT Labregos de Lugo.

A da comercialización era unha materia pendente. Na nosa casa sempre tivemos mentalidade de cooperativistas, pero foi complicado. Ao comezo, participamos na Asociación Hortamariña, pero por motivos como o envellecemento dalgunha persoa socia e a falla de relevo xeracional, a cousa non foi a máis. Foi coa chegada do goberno bipartito na Xunta, cando se apostou fortemente polo cooperativismo. A nosa idea inicial foi a de constituir unha cooperativa a nivel



provincial. Nas primeiras xuntanzas, asistía xente dunha trintena de explotacións, pero despois fomos quedando menos até ficar os que fundamos a SAT Labregos de Lugo

✓ Tiñades algunha referencia para levar a cabo o proxecto?

Á hora de constituírnos foi determinante ter coñecido outras experiencias nunha viaxe que fixemos a Bretaña no ano 2006. Alí, teñen grandes centros de acondicionamento e unha clara mentalidade cooperativista, e o seu exemplo animounos a facer algo semellante na Galiza para mellorar aspectos como a comercialización, a calidade de vida e, sobre todo, poder vivir deste oficio.

✓ Cantas familias formades parte da SAT?

Actualmente, en Labregos de Lugo estamos cinco explotacións de Mondoñedo, A Pontenova, Guntín, O Corgo e Riotorto, e temos unhas instalacións co-

múns alugadas nesta última localidade.

Cada explotación mantén o seu funcionamento autónomo e as súas propias instalacións. Por desgraza, non estamos preto unhas das outras, polo que non é posible compartir maquinaria. A nosa unión é para comercializar, e vendemos o groso das nosas producións a través de Labregos de Lugo.

✓ Que produtos traballades?

O noso cultivo estrela é o repolo, tanto rizo como corazón de boi, que ocupa a metade das nosas producións. Ademais, cultivamos cebola chata do país. Ambos son cultivos que facemos en extensivo ao aire libre, do mesmo xeito que pataca, cabaza, leituga, porro, etc. En invernadoiro botamos xudía, tomate e berenxena.

✓ E canta superficie xestionades entre as cinco?

Traballamos unha media de 6-7 hectáreas de cultivos ao aire

libre por explotación. En total, unhas trinta hectáreas de cultivos. Apostamos polo cultivo en exterior porque os gastos son menores, o traballo máis doado de mecanizar e as boas condicións climáticas nolo permiten. Das cinco explotacións da SAT, tres temos invernadoiros e non chegamos a xuntar 1 hectárea baixo plástico.

✓ A quen lle vendedes a vosa produción?

Á propia rede que fornecemos dende a SAT, principalmente en Lugo cidade, na Mariña, Asturias e a dúas importantes cadeas de froitarías en Vigo e Pontevedra.

Ademais, temos unha relación moi estreita coa Cooperativa Hortal, do Salnés, que nos levou a comezos deste 2018 a integrarnos nela como socios. Así, parte da nosa produción vai a Cambados e se envasa como produto de Hortal, que vende directamente a grandes cadeas de distribución e supermercados.

“O libre mercado non funciona con bens perecedoiros como os alimentos”

✓ **Traballades par un mercado moi volátil, tanto en prezos como en tendencias de consumo. Como o afrontades?**

Nós tentamos que a nosa produción estea ben planificada en función da demanda. Sabemos que o consumo non é estable, que é moi estacional dependendo do clima. Con calor, consúmese máis tomate e leituga; con frío, máis repolo, grelos, porros ou cabaza.

Dentro desas variacións, nós como produtores podemos sentarnos nunha mesa para planificar cada campaña. E unha vez planificada, repartímonos o traballo entre as persoas socias. A nós demándannos calidade, pero tamén garantías de subministro. As grandes cadeas, cando mercan, queren poder ofertar durante uns meses un determinado produto, e unha explotación a nivel individual non pode asumir eses compromisos. Para asumir compromisos de comercialización hai que ter un mínimo de volume e estarmos unidos.

✓ **Estades contentos cos prezos que percibides?**

A nosa política é que os clientes nos garantan uns prezos estables aos socios. Cómpre ter en conta que o mercado hortícola é cambiante e os prezos flutúan. Nós pactamos co cliente un prezo de referencia, no que tentamos que se cubran os custes, e mantémolo durante toda a campaña, de maneira que hai épocas nas que perdemos nós e outras nas que perde o cliente, dependendo das flutuacións.

Preferimos esta estabilidade, con acordos previos sobre o volume de produción e o prezo para toda a campaña, que non andar subindo e baixando co libre mercado.

✓ **Ao final, estades facendo un traballo de negociación que lle debería corresponder a unha mesa sectorial ou á Xunta**

Xa que a administración e as grandes cadeas de distribución



non están polo labor de sentar nunha mesa para chegar a acordos, decidimos tomar a iniciativa e facelo nós mesmos.

Non entendo unha horticoltura que non estea planificada. É inasumible facer plantacións, co

custe que teñen, sen saber onde vas colocar despois a produción. O libre mercado non funciona con bens perecedoiros como os alimentos. Se produces outro tipo de artigo, se non o vendes, almacénalo; pero se non vendes

as hortalizas, tes que enterralas ou doalas ao banco de alimentos. Non hai alternativa.

✓ **Cres que a Administración podería facer algo máis para apoiar a comercialización de produtos labregos?**

Hai moitas medidas que se poderían facer e que serían moi beneficiosas. Empezando pola compra pública de alimentos para fornecer hospitais, escolas, etcétera.

Outro tema clave é o da etiquetaxe. As nosas hortalizas teñen trazabilidade, rexistro sanitario, certificación externa, etc. Pero iso non serve de nada de cara aos consumidores e consumidoras porque a etiquetaxe é fraudulenta. Entra moito produto de fóra que se envasa na Galiza baixo marcas en galego e coa orixe real en letra moi pequena, de maneira que se engana a quen merca. Debería ser obrigatorio que figurase en letra visible e lexible a orixe do produto.

“O control da couza guatemalteca pola Xunta deixa moito que desexar”

✓ **Vivides na zona cero da couza guatemalteca. Como vos afectaron as prohibicións?**

Tanto a Labregos de Lugo, como a nivel particular, afectounos dun xeito grave, xa que a pataca era un dos nosos principais produtos. Antes da crise, nós cultivabamos tres hectáreas de pataca. Foi un dos cultivos que máis traballamos na SAT para diferenciarlo: investimos cartos nunha marca, en envases, caixas rotuladas, márketing, etc. Mesmo acababamos de mercar unha carreta con volteador para a pataca na que investimos 10.000 € que agora quedará parada. Levabamos dez anos traballando o tema e tiñamos xa un mercado consolidado, mantendo un prezo digno e estable. Na nosa explotación, a pataca supuña o 20% dos ingresos.

✓ **Cres que Medio Rural fixo unha boa xestión da crise?**

Todo o contrario. A maneira de xestionar a crise foi mala. Non souberon anticiparse e impuxeron a prohibición cando moita pataca xa fora plantada. Andaron a bandazos, improvisando sobre a marcha: non houbo ningunha reunión previa, non sen-

taron falar coa xente do sector para analizar cal era a mellor maneira de actuar. Fíxose todo por imposición.

✓ **E iso en que se traduciu no voso caso?**

Nós non levamos nin un céntimo de indemnización. O ano que se prohibiu a plantación, xa non chegamos plantar. Tivemos que rexeitar a semente que tiñamos encargada e trocar os cultivos. Soubemos movernos, pero perdemos un traballo de dez anos para consolidar unha marca e un mercado. Agora, o que deixamos de vender están a vendelo outros provedores, polo que será moi difícil recuperar ese mercado.

Ademais, aínda que levanten a prohibición, sempre che quedará o temor de que ao cabo dun tempo se volva atopar couza e che volvan prohibir plantar. Hai xente que ten esperanzas de que en 2019 permitan de novo botar patacas, pero eu desconfío. As medidas que se están a tomar son insuficientes. Aquí sabemos que hai xente que segue plantando patacas ás agachadas. O seguimento e control que fai Medio Rural deixa moito que desexar.

INLAC ▶ Incrementará o que se lle cobra ás granxas
O SLG desmárcase da COAG e rexeita a extensión de norma aprobada na INLAC por “unanimidade”

A asemblea xeral da Interprofesional Láctea (Inlac) celebrada en xuño, en Madrid, aprobou por unanimidade unha extensión de norma cun orzamento de 11'7 millóns de euros. Entre os votos favorables estivo o da COAG. O destino destes cartos será facer unha campaña publicitaria e promocional do consumo de leite e produtos lácteos de orixe local e desenvolver o proxecto de innovación “*Identificación e cuantificación dos compoñentes lácteos empregados na fabricación dos queixos de mestura*”. A duración desta nova extensión de norma será de 4 anos (1 de xaneiro de 2019 a 31 de decembro de 2022).

A pesares de que a COAG votou a favor, o Sindicato Labrego posicionouse en contra porque “*esta extensión de norma implica cobrarlle máis aos gandeiros e gandeiras na factura do leite para cubrir eses novos gastos da Inlac*”, explicou Isabel Vilalba. “*Para o SLG, a Interprofesional Láctea non está a dar resposta aos problemas da parte produtora nin está a defender os seus intereses. Unha boa proba disto foi a crise de prezos sufrida polo sector non hai tanto e a falla total de resposta por parte da Inlac. Nin sequera, no contexto de aumento de prezos que viviu toda a Unión Europea en 2017, a Inlac foi quen de impulsar ningún acordo que favorecese a transmisión desa suba de prezos a España e, especialmente, a Galiza, onde opera o 40% das granxas do Estado Español. Por outra banda, estamos totalmente en contra que se lles vaia sacar máis cartos ás granxas para cubrir uns gastos de dúbida utilidade que non van reportar ningún beneficio aos produtores e produtoras*”.

VIÑO ▶ Do mesmo xeito que no sector da carne, a súa función consistirá en dinamizar sindicalmente afiliación e temas de debate vitivinícolas

Bota a andar un grupo de traballo para o sector do viño no SLG

A primeira xuntanza celebrouse en Adegas Sabatellus, na Ribeira Sacra, e a seguinte prevén facela en Valdeorras

O pasado 19 de maio, a adega Sabatellus, en Sabadelle (Chantada) acolleu unha xuntanza de viticultores e viticultoras de todas as denominacións de orixe con vencellos ao Sindicato Labrego Galego. Co noso vocal na DO Ribeira Sacra como anfitrión, Primitivo Lareu, esta xuntanza celebrouse con vocación de continuidade. A intención é que, a partir de agora, e con periodicidade trimestral, labregos e labregas do sector vitivinícola se reúnan para tratar cuestións de actualidade relacionadas co mundo do viño. Desta maneira, téntase activar no plano sindical este sector no SLG sen ter que agardar a cele-



As instalacións da adega Sabatellus acolleron a primeira xuntanza de traballo

bración dun congreso do viño que se elixa unha nova directiva.

Este modelo de traballo, no que labregos e labregas dun sector se reúnen sen as formalidades dun órgano de dirección do SLG, pero cun maior dinamismo e flexibilidade, e

aproveitando para visitar os viñedos da persoa anfitrío, xa se puxo en práctica co grupo de traballo no sector de vacún de carne cun notable éxito de participación. Agora mesmo, xa se decidiu que o vindeiro encontro se celebrará en Valdeorras, coa data aínda por concretar.

Preocupación polo relevo xeracional nas viñas

Unha preocupación común en todas as DOs é que cada vez hai máis abandono. Isto favorece que se estea a concentrar a produción de uva en grandes explotacións e adegas, que cada vez optan máis por plantar viñedo propio.

Neste senso, unha das críticas que saíu desta xuntanza é que non se están fomentando as incorporacións de xente moza no sector vitivinícola, xa que a Xunta, cando convoca os plans de incorporación, está pensando, sobre todo, en explotacións gandeiras e esixen requisitos que no mundo do viño son moi difíciles de cumprir, como impoñer un número mínimo de hectáreas para empezar. Os resultados desta política reflíctense nas estatísticas: o 58% dos mozos e mozas que se incorporan ao agro na Galiza, fano en granxas de vacún de leite (32%) ou de carne (26%).

Ademais, moitas das incorporacións que se están a facer na Galiza son, en realidade, mozos e mozas que poñen á fronte de sociedades para estas poder ter dereito a máis superficie de viñedo e mellores axudas nos plans de reestruturación.

✓ Reunións para os consellos reguladores

Outra preocupación moi xeneralizada é o que se está a facer cos plans de reestruturación. Como xa temos criticado no SLG, están deseñados para deixar fóra as pequenas viticultoras e viticultores, especialmente aquelas persoas cuxos ingresos principais non dependen da uva, labregas a tempo parcial ou que teñen a viña como actividade complementaria. Como xa temos dito, á xente que ten pequenas superficies de viñedo non lle resulta rendible pedir unha axuda para realizar unha nova plantación porque impoñen unhas condicións que non compensan os cartos recibidos, como contratar unha empresa para facer os traballos. Requisitos coma o devandito só fan rendible a axuda en caso de plantar grandes superficies dunha ou varias hectáreas, o cal só favorece ás grandes adegas e grupos empresariais do sector.

Outra demanda que veu dos nosos vocais nos consellos reguladores foi a necesidade de crear un grupo que se reúna antes dos plenos dos consellos reguladores para debater e fixar as posturas do SLG nas denominacións de orixe.

ORDENAMENTO ▶ O concello pretende suprimir todo o solo rústico de protección agropecuaria do municipio

Campaña de alegacións do SLG en Curtis contra os cambios no PXOM

Medio cento de familias enfróntanse a unha modificación da norma que deixaría sen protección a terra das granxas

O 28 de maio, a coordinadora do Sindicato Labrego no concello de Curtis, María Ferreiro, entregaba medio cento de alegacións asinadas por familias labregas que se opoñen aos cambios que pretende levar a cabo o concello no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). En concreto, o concello curtense quere suprimir todo o solo rústico de protección agropecuaria e case todo o solo rústico de protección forestal, que pasarían a ser solo rústico de protección ordinaria.

A posición contraria do Sindicato Labrego Galego baséase en que o resultado desta modi-

ficación non contribúe a “ordenar o solo”, que é a finalidade que ten un planeamento municipal. Pola contra, este cambio normativo incide na desprotección dos propietarios e propietarias das terras afectadas, sexan de uso agrario ou forestal, xa que a Consellaría de Medio Rural deixaría de ser o organismo sectorial de referencia, e poderían levarse a cabo actuacións e permisos de actividades de calquera tipo sen que Medio Rural puidese emitir ningún informe nin posicionarse de ningún xeito.

Na campaña que fixo o SLG para que as familias labregas afectadas alegasen, descubrimos con abraio que o concello, na campaña que levou a cabo para dar conta destes cambios normativos, deu unha información moi deficiente, cando non errónea.



A coordinadora do Sindicato Labrego en Curtis, María Ferreiro Santos, rexistrou no concello o 28 de maio as sinaturas recompiladas ao longo da campaña

Medio milleiro de postos de traballo dependen do solo agrario en Curtis

En 2009, Curtis contaba con 389 granxas que sostiñan 454 unidades de traballo agrario e xestionaban case 6.000 hectáreas de terras, o que equivale á metade do territorio municipal. É evidente que a actividade agrogandeira ten unha importancia fundamental no Concello de Curtis. De feito, o alcalde, Javier Caínzos, tense manifestado publicamente na defensa da mesma, polo que entendemos que esa defensa dos sectores agropecuarios debería reflectirse tamén nas políticas municipais de ordenación do solo, xa que a tendencia dos últimos anos é de perda de superficie agraria útil, e isto redunda nunha mingua da competitividade das granxas.

Dende o SLG pensamos que a modificación que se pretende levar a cabo en Curtis incumpre a Lei 2/2016 do Solo de Galicia así como o regulamento que a desenvolve, un cambio normativo que deixará indefensas as granxas de Curtis diante da especulación industrial.

O Sindicato Labrego Galego presentou diante da Fiscalía unha denuncia contra Erimsa por levar a cabo actividades mineiras en Frades sen ter as licenzas preceptivas para poder levalas a cabo. Os feitos denunciados remóntanse a outono de 2017, cando a empresa fixo traballos extractivos dende o 27 de outubro na parcela 502, polígono 572, na parroquia fradense de Abellá.

O 27 de novembro de 2017, o SLG puxo os feitos en coñecemento do Concello de Frades, solicitando que, unha vez comprobados, actuase en consecuencia. Ese mesmo día, denunciouse todo diante da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU). A día de hoxe, o Concello de Frades aínda non contestou, e a APLU manifestou

MINARÍA ▶ A empresa norueguesa fixo extraccións sen ter solicitado previamente as licenzas obrigatorias

O SLG denuncia a Erimsa na fiscalía por presuntos actos ilegais en Frades

que as actividades denunciadas non precisaban autorización autonómica previa á licenza municipal, desentendéndose da posible infracción.

Diante do silencio do concello e do absentismo da APLU -é competencia súa intervir en supostos como o denunciado sen agardar polo parecer do concello- dende o Sindicato Labrego puxemos os feitos en coñecemento da Fiscalía.

✓ **Solicitan a licenza cando xa remataran as obras**

Curiosamente, e dándonos a razón, tralas denuncias do SLG, segundo o BOP do 26 de xaneiro de 2018, Erimsa solicitaba de Augas de Galicia a autorización de obras nos lugares de Regueiro e Trigueira, parroquia de Galegos (San Martiño, Frades).

A maiores, Erimsa solicitou “autorización para realizar cribado de terreo nas parcelas 571

e 572 do polígono 502 do catastro de Frades, no lugar de Regueiro, dentro da zona de policía de leitos do río Samo. O cribado consta (...) de escavación de terra vexetal, acopio temporal da terra vexetal escavación e cribado de materiais, carga do material a extraer, recheo do oco da escavación, estendido de terra vexetal”. O problema é que ese cribado fóra realizado antes de pedir as licenzas.

Diante disto, o SLG pediulle á Fiscalía que se requira da APLU a documentación referente a este caso e explicacións sobre o seu absentismo. Tamén pedimos que se requiran todos os documentos relacionados con este suceso ao Concello de Frades, á Policía Autonómica, á Dirección Xeral de Minas e á propia empresa Erimsa.

EÓLICOS ▶ Pobra forma parte dun macro-proxecto xunto a outros catro parques que, de facerse, ocuparían unha franxa de territorio que abrangue dende Cerceda até Vilasantar

O SLG alega contra un parque eólico en Mesía por usurpar máis de 6.000 hectáreas

A empresa promotora é Green Capital Power, de orixe saudí, na que participa como directivo o xenro de Florentino Pérez

O Sindicato Labrego Galego rexistrou diante do Ministerio de Agricultura, a finais de maio, un extenso documento de alegacións contra o parque eólico de Pobra, que afecta 6.670 hectáreas dos termos municipais de Mesía, fundamentalmente; e, en menor medida, de Oza-Cesuras e Abegondo. Este parque está a ser promovido pola empresa Green Capital Power, cunha participación maioritaria no seu capital social dun fondo de investimento de Arabia Saudí, e coa presenza na súa dirección de Jesús Martín Buezas, xenro de Florentino Pérez, o presidente do Real Madrid.

Nas alegacións presentadas, o SLG denunciou que 8 dos 15 aeroxeneradores proxectados están a menos de 500 metros de núcleos rurais, incumprindo a distancia mínima que esixe o Plan Eólico de Galicia e a Lei 5/2017. En canto á superficie que pretende expropiar o proxecto, está a ser utilizada, na actualidade, con fins agrícolas, gandeiros, forestais e residenciais. A todos estes terreos, habería que engadir a execución de 7.500 metros de camiños dos que nin sequera se fixo informe de impacto ambiental no proxecto da empresa.

Nas alegacións do Sindicato Labrego Galego, explicábase que só no concello de Mesía hai 346 granxas de vacún, con 329 postos de traballo dados de alta na Seguridade Social. Están afectadas tanto granxas convencionais como ecolóxicas. Folga dicir que



a gandería é un dos piares económicos fundamentais do concello de Mesía, especialmente a dedicada a produción de leite. A proximidade dos aeroxeneradores ás explotacións gandeiras, se estes chegan a implantarse, provocaría ruídos e ondas electromagnéticas que causarían estrés nas reses, o que incidiría negativamente na súa alimentación e produción final, podendo chegar a sufrir abortos, problemas de xestación, etc.

O feito de que o meirande dos terreos afectados sexan de uso agrícola e gandeiro diminuíría a base territorial das granxas e a súa viabilidade futura. Tamén hai unha parte considerable de terras que están dedicadas ao aproveitamento madeireiro, unha fonte de ingresos decotío complementaria e de grande importancia para moitas explotacións e empresas ligadas ao sector forestal.

Distancias ilegais de aeroxeneradores respecto a centros escolares e de saúde

Outra ameaza importante é a das distancias ilegais de varios aeroxeneradores con respecto a núcleos de poboación. Cómpre pensar que un aeroxenerador ten unha torre de 97 metros aos que hai que engadir os 132 metros de diámetro das súas pas. En total: 165 metros de altura. Para evitar o impacto que provocan, o Plan Eólico de Galicia (2001) establece unha distancia mínima de 500 metros; hai que ter en conta que este plan redactouse nunha época na que os aeroxeneradores que se instalaban tiñan unha potencia inferior a 1 MW (normalmente eran de 660 KW) e unhas dimensións considerablemente inferiores aos que se pretenden instalar neste proxecto, que superan os 3 MW.

Aclarado isto, non se entende como hai proxectadas a implantación dun aeroxenerador a 213 metros do CEIP de Visantoña (Mesía) e outro a 305 metros dun centro de saúde. Máis alá destes exemplos tan gráficos, están afectados por distancias ilegais de aeroxeneradores os seguintes núcleos: A Iglesia Vilanova, O Calexo, As Painceiras, Os Martices, O Pedrido, O Pousadoiro, A Telleira, Os Ferreiros, As Brañas, Os Carballiños, O Curro, A Cartiñeira, Sobrado, Gundián, O Campo, A Pobra e Muiño de Xan García.

Precisamente, as distancias esixidas pola lei, mesmo sendo o permisiva que é, fai que sexa imposible construír un parque eólico nesta zona da Galiza, xa que a dispersión poboacional e a distribución dos núcleos rurais non o posibilitarían.

Fragmentación dun megaproxecto que vai de Vilasantar a Cerceda en varios de menor dimensión

Máis alá destas evidencias, o Sindicato Labrego Galego tamén denunciou nas súas alegacións a pretensión de Green Capital Power de levar a cabo un macroproxecto que presenta fragmentado en varios pequenos, uns seguidos dos outros, e que abranguerían unha franxa que vai dende Cerceda a Vilasantar. De feito, a este proxecto de Pobra, únenselle a unha banda e outra os proxectos de Gasalla e Monte Inxerio, Ardemil e Lavan-deira, que afectarían outros termos municipais a maiores dos citados como Ordes, Curtis, Frades ou Vilasantar.

Para o Sindicato Labrego Galego, a Xunta non pode autorizar este proxecto eólico polo forte impacto negativo que tería na vida diaria das persoas afectadas e no principal medio de vida da zona, que é a gandería e a produción de leite. Cómpre lembrar que a franxa na que Green Capital Power pretende desenvolver o seu macroproxecto xa está a sufrir unha forte presión de proxectos industriais como as extraccións mineiras a ceo aberto de Erimsa, a autoestrada de alta tensión de Red Eléctrica, ou a intensa contaminación por cinzas e choiva aceda que sofren pola proximidade da central térmica de Meirama.

Ademais, o proxecto non fala do impacto que este parque tería en sobre patrimonio histórico e cultural como o Camiño Inglés a Santiago de Compostela ou a torre fortaleza de A Pobra.

Por todo o devandido, ademais das alegacións presentadas contra o parque eólico de Pobra, dende o SLG estamos a traballar tamén na oposición á tramitación doutros dous proxectos denominados Monte Inxerio (situado en Ordes no linde con concello de Cerceda) e o de Gasalla (no linde dos Concellos de Frades e Mesía).

CATASTRAZO ▶ Tralos cobros indebidos masivos de Vilalba en 2017, vólvese repetir a situación en Cospeito cuns 400 casos acreditados

O SLG advirte de posibles erros en toda Galiza no cobro do catastrazo

Preténdeselles cobrar o IBI de 2016 cando, ao ser unha regularización rústica indispensable, só terían que pagar a partir de 2017

Do mesmo xeito que aconteceu en Vilalba o ano pasado, neste 2018 a veciñanza de Cospeito vén de recibir 400 notificacións nas que lles reclaman atrasos do Imposto de Bens Inmóveis (IBI) de 2016 a bens regularizados ese mesmo ano. Xa non abundaba cos prexuízos económicos do catastrazo -taxas de 60 euros na revisión de cada ben e o correspondente incremento do IBI-, senón que agora castigan aos e ás contribuíntes cunha carreira de obstáculos burocrática innecesaria motivada por erros administrativos.

Despois de varias comprobacións, no SLG constatamos que moitos deses expedientes correspóndense con cortes e instalacións agrarias e non teñen a obriga de pagar eses atrasos porque as alteracións deberían ter efectos no Catastro Inmobiliario dende o 1 de xaneiro seguinte a aquel no que se publique a resolución do procedemento de regularización catastral en cada municipio.

A normativa reguladora específica di sobre a data de alta para as construcións indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrarias que: *“O valores terán efectividade o día 1 de xaneiro seguinte a aquel en que se publique a mencionada resolución, con independencia da data en que se notifiquen”*. É dicir, o erro radica en que os expedientes foron tramitados como *“regularización”* e non como *“regularización rústica indispensable”*.



Só 11 dos 67 concellos lucenses están “vacinados” contra os cobros indebidos

No Sindicato Labrego Galego, preocúpanos que esta situación se teña dado no pasado en máis concellos ademais de Vilalba e Cospeito, e se estea a producir na actualidade noutros municipios galegos. Tendo en conta que o problema xorde nos concellos que teñen ponencia de valores anterior ao 1 de xaneiro de 2006, que na provincia de Lugo só 11 concellos dos 67 a teñen actualizada nunha data posterior, e que na actualidade a maioría xa teñen rematado o proceso de regularización, podería haber dúcias de municipios afectados en toda Galiza nos que se lles está a cobrar atrasos do IBI indebidamente.

Diante disto, o Sindicato Labrego Galego rexistrou, o 11 de maio, un escrito dirixido á Xerencia Territorial do Catastro preguntándolle se esta situación se deu en máis concellos galegos e, de ter sido así, inquerimos a enumeración dos mesmos. Tamén lle preguntamos cal é a maneira de proceder do Catastro diante desta problemática e se van revisar de oficio os expedientes. En caso de non terse feito estas comprobacións, dende o SLG urximos ao Catastro a comprobar todos os concellos nos que se puido detectar este problema e a actuar de oficio, informando aos e ás contribuíntes afectados/as. A maiores, tamén pedimos unha entrevista con reponsables da Xerencia Territorial do Catastro para abordar esta problemática.

O 4 de maio, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, dependente da Consellaría de Medio Ambiente, emitiu unha declaración de impacto ambiental desfavorable ao macro-vetadoiro de refugallo industriais ao que se opuxeran boa parte da veciñanza e organizacións sociais entre as que se atopaba o SLG.

Trátase dunha boa nova, xa que o proxecto promovido por Empresa Gestora de Residuos del Noroeste SL constituía unha ameaza para a gandería, xa que contemplaba o enterramento de 770.000 toneladas de refugallo en dez anos, o que afectaba directamente a unha ducia de explotacións agrarias que xeran un cento de empregos.

MEDIO AMBIENTE ▶ Este proxecto constituía unha ameaza para varias granxas de vacún punteiras na Galiza

Medio Ambiente emite un informe desfavorable ao vertedoiro de Lousame

Nas alegacións presentadas polo SLG, denunciábase que Fontefría, que concentra boa parte das cabezas gandeiras e empregos agrarios directos do Concello de Lousame, se encontra a menos de 400 metros da parcela onde se pretendía instalar o vertedoiro. Algunhas das explotacións da contorna, como a cooperativa Tubío Busto de Fontefría, ou a cooperativa Ce-

sares Holstein de Vilar de Reconco, foron seleccionadas entre as mellores explotacións de Galiza en 2015 pola Federación Frisoa Galega e galardoadas como "mestres criadores" pola Confederación de Asociacións de Frisoa estatal (CONAFE).

Ás de Fontefría, habería que engadir as explotacións dos lugares limítrofes do concello de Rois e outras aldeas con grande

vitalidade gandeira como Servia ou Comparada.

Por se non abundase, a parcela de 20 hectáreas na que se ía instalar o vertedoiro está clasificada como solo rústico de especial protección e forma parte da base territorial dunha granxa de vacas cachenas que se tería visto na obriga de pechar en caso de ir adiante o proxecto.

Finalmente, Lousame é un municipio declarado "zona de especial interese agrario" e, conforme aos datos máis recentes do Instituto Galego de Estadística (2012), as granxas deste concello xeran 311 postos de traballo a tempo completo en comparación cos 13 empregos do vertedoiro durante 10 anos de actividade.

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NO TRABALLO AGRARIO EN

VERÁN



DESCANSA Á SOMBRA CON MÁIS FRECUENCIA

Aumenta a frecuencia dos descansos e, cando os fagas, aproveita para alimentarte e hidratarte.

CUBRE A CABEZA

Utiliza sombreiro ou pucha cando traballes ao sol.



VESTIRSE AXEITADAMENTE

Utiliza roupa ampla de tecidos lixeiros e cores claras.

NUNCA TRABALLES SÓ

Evita o traballo individual e procura facelo en equipo para facilitar a supervisión mutua.

FAI AS TAREFAS MÁIS PESADAS NAS HORAS DE MENOS CALOR

Limita o tempo e a intensidade das tarefas máis pesadas nas horas de máis insolación solar.



BEBE CON FRECUENCIA

Cómpre beber con frecuencia auga ou calquera outra bebida non alcohólica e tomar abondo sal nas comidas.

Espazo subvencionado por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

En caso de insolación ou de esgotamento por calor: chamar urxentemente ao 112. Mentres chegan os servizos de emerxencia, hai que levar á persoa afectada a un lugar sombrío e fresco, darlle de beber auga con algo de sal, afrouxarlle a roupa e pórle compresas frías na cabeza.



CELULOSA ▶ Celebrouse o 19 de xuño en demanda da recuperación da ría usurpada polo complexo industrial

Nova marcha da APDR contra as fábricas de Ence e Elnosa en Lourizán

Coa chegada do PSOE ao poder, lémbrenlle as súas promesas e demandan a anulación da prórroga concedida a Ence polo PP

O 19 de xuño, dúas marchas que saíron de Marín e Pontevedra confluíron diante do complexo Ence-Elnosa, na beira da ría pontevedresa, para expresar o seu rexeitamento á localización desta actividade industrial fondamente lesiva para a bisbarra. Convocada pola Plataforma pola Defensa da Ría (APDR), esta marcha realízase con periodicidade anual para lembrar que o pobo pontevedrés é contrario a que estas dúas empresas sigan realizando a súa actividade altamente contaminante nunha zona que tiña unha enorme riqueza marisqueira, paisaxística e turística.

Desta vez, a marcha realizouse cun notable cambio político en Madrid, trala moción de censura que puxo no Executivo do Estado ao PSOE. Por iso, e tirando das promesas que este partido político ten feito no pasado, dende a APDR demandaron que, en aplicación da lei, se decreta a caducidade da concesión a Elnosa e se derroga a prórroga de 60 anos que o PP lle concedeu a Ence.

Máis alá do evidente dano, ao construírse estas factorías sobre a principal praia marisqueira da ría e desenvolver unha actividade altamente contaminante, dende a APDR tamén avogaron pola fin destas industrias *“contra a eucaliptización do país e a conversión dos nosos montes en reservas forestais para unhas poucas grandes empresas, con Ence á cabeza (...) porque existen alternativas fronte á condena de ser unha colonia produtora de pasta de papel e enerxía derivada dos chamados cultivos enerxéticos”*.

A fábrica de celulosa de Ence (Energía & Celulosa) foi inaugurada en 1963, destruindo a principal praia marisqueira da ría e condenando aos habitantes de Pontevedra e Marín a aturar un fedor pestilente a diario procedente da cocción de madeira para pasta. Aínda que comezaron procesando piñeiro, a partir de 1980 mudaron ao eucalipto.

En canto a Elnosa (Electroquímica del Noroeste SA), trátase dunha industria electroquímica que comezou a súa actividade en 1967. Actualmente, Elnosa pertence a CUF, a maior industria química de Portugal, e dedícase a producir cloro, ácido clorhídrico, hipoclorito sódico e sosa cáustica.

IMPOSTOS ▶ Quedou sen efecto por non publicitarse e non estar adaptada á realidade territorial do país

O SLG pide modificar a ordenanza que bonifica o IBI en Agolada

Un cento de familias gandeiras rexistraron sinaturas o 18 de maio pedindo unha nova convocatoria este ano

Preto dun cento de familias gandeiras de Agolada, asesoradas polo Sindicato Labrego Galego, rexistraron, o 18 de maio, un escrito no concello coas súas sinaturas no que se pedía a apertura dun prazo extraordinario para poder solicitar as bonificacións no IBI correspondentes ao exercicio de 2018 para as construcións das explotacións agrarias e gandeiras. A maiores, este cento de familias gandeiras solicitou do equipo de goberno modificar as ordenanzas fiscais para que se apliquen as exencións e bonificacións máximas que permite a Lei de Facendas Locais para os bens inmoables de natureza urbana.

Días antes da entrega de sinaturas, o SLG xa denunciara como se desenvolvera esta ordenanza municipal que facía posible solicitar bonificacións do 95% no Imposto de Bens Inmoables (IBI) para aqueles inmoables rústicos *“indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras, ou forestais”*.

En primeiro lugar, houbo serias deficiencias á hora de darlle publicidade á convocatoria, pois só se deron dúas semanas de prazo e practicamente non tivo difusión. Un feito que demostra ben isto é que nin sequera os concellais do equipo de goberno que se podían acoller ás bonificacións chegaron a solicitarlas.

Por outra banda, os requisitos que se esixen para poder acceder a estas bonificacións

non se adaptan á realidade do país. Por exemplo, cando o concello esixe ás persoas solicitantes titulares do ben que sexan elas as titulares da actividade agrogandeira, estase ignorando que o meirande das granxas e as propiedades son familiares e que é algo moi común que eses bens, sexan terras ou construcións, estean aínda a nome do pai ou da nai e non da persoa titular da granxa. Respecto disto último, cómpre lembrar que outras ordenanzas similares teñen contemplado os supostos de cesión a familiares ou alugueiro das instalacións a terceiros.

Outra realidade común na Galiza e n'Agolada é que, decotío, a granxa, ao estar xunto á vivenda familiar, comparte a mesma referencia catastral, polo que tamén quedarían excluídas as que se atopasen nesta circunstancia. Neste caso outros concellos contemplan unha bonificación do 50%, pero Agolada non contempla nin sequera esta posibilidade.

Diante das graves deficiencias na ordenanza para a bonificación do IBI n'Agolada, tamén dende o SLG lle pedimos ao concello que a anule e faga unha nova convocatoria para este ano 2018 ben publicitada en todas as parroquias e núcleos do municipio, con suficiente prazo para a tramitación da solicitude e cuns requisitos adaptados á realidade do país. De non facelo, haberá que pensar que esta bonificación do IBI, lonxe de ser un *“apoio ao sector primario”* como publicita o concello, é unha ordenanza con importantes deficiencias que o equipo de goberno está a utilizar para facer propaganda sen gastar un peso e sen beneficiar a case ninguén.

MINARÍA SALVAXE ▶ Máis de trinta concellos xa expresaron a súa repulsa a un proxecto que ameaza con destruír recursos agrícolas, turísticos e pesqueiros de valor incalculable

Galiza rexeita a mina de Touro cunha manifestación multitudinaria en Santiago

As cifras oficiais falan de 60.000 persoas que fixeron da praza do Obradoiro un recinto insuficiente para acoller a marea humana

O 10 de xuño, unha das maiores manifestacións que se lembran dende as mobilizacións do Prestige asolagou as rúas de Compostela e fixo que a praza do Obradoiro quedase pequena para acoller unha marea humana que expresou o seu rotundo rexeitamento ao proxecto da mina de Touro e O Pino. No baile de estimacións sobre a asistencia fálase de que, ese día, puideron apoiar a manifestación unhas 60.000 persoas.

Con independencia da cantidade exacta de xente que se manifestou en Compostela, si se puido confirmar a presenza social dunha ampla zona xeográfica en torno ao río Ulla, que é os sistema fluvial que padeceu e padece a forte contaminación por ácidos e metais pesados da actividade mineira en Touro. E esa zona abrangue dende a comarca da Ulloa, pasando pola cidade de Compostela, a todas as vilas da Ría de Arousa e principais sectores económicos ligados á pesca, acuicultura e marisqueo. De feito, os concellos que rexeitan a mina -de todas as cores políticas- xa son unha trintena: A Pobra do Caramiñal, Ribeira, Arzúa, Santiso, Lalín, Oroso, Teo, Santiago, Ames, Catoira, Vilagarcía de Arousa, Rianxo, A Illa de Arousa, Cambados, O Grove, Ribadumia, Vila de Cruces, Vedra, Padrón, Pontecesures, Vilanova de Arousa e Boiro. Mesmo concellos que non están na zona do Ulla, como Betanzos, Sada, Oleiros, Culleredo e Ferrol, tamén expresaron o seu rexeitamento oficial á mina de Touro.



Unha vez máis, o SLG apoiou con todos os seus medios tanto a propia manifestación como o proceso de convocatoria da mesma

O traballo á sombra de contraMINAcción

O éxito da manifestación do 10 de xuño non podería entenderse sen o intenso traballo da Plataforma Mina Touro O Pino NON e sen a participación activa de contraMINAcción dende os inicios deste movemento de oposición ao proxecto mineiro. Así, as orixes da organización desta revolta estarían a comezos de setembro de 2017, cando contraMINAcción decidiu realizar unha xuntanza ordinaria en Touro e, de paso, coñecer os efectos da minaría na zona e falar con persoas afectadas polos actuais plans de Atalaya Mining.

A raíz desta primeira toma de contacto, virían outras xuntanzas de asesoramento que culminarían coa asemblea informativa en Loxo (Touro), o 28 de setembro, e a presentación de 1.500 alegacións na Consellaría de Industria o 3 de outubro.

Dende aquela, a forte implicación da veciñanza de Touro e O Pino propiciou a expansión do rexeitamento á extracción de cobre na zona, ao tempo que dende contraMINAcción continuaba un intenso traballo de divulgación e denuncia do problema, como coas charlas informativas en Arca (O Pino) e na Universidade de Santiago, as concentra-

cións nos plenos que trataron esta cuestión en ambos concellos ou a tractorada multitudinaria do 25 de febreiro en Touro. Tanto nas charlas do Pino e Touro, así como no asesoramento para presentar as alegacións, participou activamente a nosa compañeira Margarida Prieto Ledo, coordinadora do SLG na Terra Chá e representante en contraMINAcción.

Sería difícil enumerar todas as accións desenvolvidas por contraMINAcción nesta loita, pero a maioría delas tiveron que ver, nos últimos meses, coa proxección do documental "A ameaza do cobre", producido por Nós TV e Tingalaranga, no que o cineasta Xosé Antón Bocixa dá voz ás persoas e familias damnificadas pola minaría destrutiva en Touro e O Pino. Así, o Sindicato Labrego Galego organizou ou participou en proxeccións deste filme, coloquios e charlas en localidades como Burela, Muimenta, Lugo, Ourense, Cambados, Chantada, Arzúa, Melide ou Vilalba. A maiores, outros colectivos de contraMINAcción fixeron outro tanto en vilas tan dispares como Ribeira, a Illa de Arousa ou Bos Aires (Arxentina).

A campaña do SLG para alentar unha alta participación foi do rural a Compostela

Unha das fronteiras de traballo asumida polo Sindicato Labrego Galego na preparación previa da manifestación do 10 de xuño foi a de tentar implicar á poboación da cidade de Compostela por estar directamente ameazada tamén polos plans de Atalaya Mining. Para iso, imprimíronse, difundíronse por redes sociais e coláronse carteis e realizouse un envío masivo de correos informativos a centos de empresas relacionadas co turismo, a restauración e a hospedaxe de Santiago e do Camiño Francés. Nesa campaña, informouse de que a mina de Touro afectaría a Compostela e á ruta xacobeá dos seguintes xeitos:

- ✓ Circulación permanente de maquinaria pesada moi preto do Camiño de Santiago, dende a localidade de Salceda en diante, cos rúidos, contaminación e po en suspensión que isto xera.
- ✓ Voaduras constantes con explosivos de grande potencia como Anfo e Goma 2. O proxecto da empresa estima que se realizarán 2.074 voaduras anualmente, durante 13 anos, nas que se utilizarán ao redor de 20.000 toneladas dos explosivos citados que xerarán tremores, nubes de po e mesmo ameazarán con guindar cascallos que poñerán en perigo a vida das persoas nas inmediacións.
- ✓ A concesión da mina limita tamén directamente co Aeroporto de Lavacolla e as súas pistas. Lavacolla tivo 21.520 voos e 2.644.925 pasaxeiros e pasaxeirás en 2017. Este aeroporto, xunto co Camiño de San-



tiago, constitúe unha das principais portas de entrada do turismo na nosa terra.

Permitir a explotación da mina de Touro a carón da porta de entrada na nosa terra para 3 millóns de persoas cada ano, equivale a agredir directamente un potente sector económico do que dependen miles de postos de traballo e tripas a principal tarxeta de presentación da Galiza no Estado e no estranxeiro.



Na manifestación houbo unha notable presenza tanto dos sectores económicos vinculados ao mar na Ría de Arousa, como os dedicados a actividades agrogandeiras. Entre as dúzias de pancartas que puidemos ver ese día, destacamos a realizada en defensa da aldea de Arinteiro -na zona cero do proxecto mineiro- e a que defendía en xeral o rural de actividades destrutivas como a minaría

POLÍTICA AGRARIA COMÚN ▶ A Coordinadora Europea da Vía Campesina organizou unha xornada de debate en Bruxelas con representantes da CE e xente labrega

A reforma da PAC a debate

As diversas representantes das organizacións agrarias aproveitanon para expoñer unha visión moi crítica cos cambios propostos

O 23 de maio, celebrouse na sede de Bruxelas (Bélxica) do Parlamento Europeo a xornada “Unha Política Agraria Común (PAC) para os labregos e labregas e para a cidadanía”, organizada pola Coordinadora Europea da Vía Campesina (ECVC) e amadrinada polo Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea /Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL), Socialistas & Demócratas (S&D) e Verdes/Alianza Libre Europea (Verdes/ALE). A xornada dividiuse en tres paneis:

1. Por un mundo rural vivo.
2. Comercio e mercado.
3. Por unha produción sostible



Unha nutrida comitiva do Sindicato Labrego Galego participou na xornada de traballo sobre a PAC no Parlamento Europeo



▶ **JOSÉ MIGUEL PACHECO (ECVC)** comezou o seu relatorio expoñendo estatísticas que reflicten a importancia da agricultura labrega: 1.500 millóns de persoas practícaa e é responsábel do 70% da produción alimentaria mundial. Porén, ocupa só o 30% das terras cultivables do mundo. En canto á propia UE, nela hai 11 millóns de granxas e o 96% están xestionadas por familias labregas. En total, hai 25 millóns de persoas que se dedican á agricultura e, entre elas, 24 millóns traballan en granxas familiares. Ademais, o 28% da poboación comunitaria vive en

Panel 1: Por un mundo rural vivo

zonas rurais: 140 millóns de persoas.

A pesares disto, entre 2003 e 2013, a UE pasou de 14'5 a 11 millóns de granxas rexistradas. “O meirande destas granxas que desapareceron eran labregas e familiares”, explicou Pacheco. “En apenas 10 anos perdemos o 25% das granxas europeas, e iso a pesares de levarmos 60 anos de PAC. Na UE desapareceu unha granxa por minuto, o cal demostra que o sistema non funciona”.

Que podemos facer fronte a isto? Apostar por un modelo de agricultura labrega a pequena escala. Vexamos por que:

1. Crise climática: Loitar contra un modelo moi dependente dos combustibles fósiles, que son os principais responsables do cambio climático: demasiadas importacións e ex-

portacións, uso masivo de fertilizantes químicos, alto consumo enerxético...

2. Sostibilidade do modelo produtivo. Quedaría garantida por unha agricultura labrega baseada nos policultivos fronte ao monocultivo, e que non depende tanto do uso de agroquímicos que degradan recursos naturais como a auga.

3. Crises migratorias: Segundo a FAO, ao redor de 800 millóns de persoas pasan fame no mundo, e o 50% destas persoas son labregos e e labregas, o 20% xornaleiros e xornaleiras, 10% son persoas que se dedican á pesca ou ao pastoreo. A agricultura a pequena escala é a única que ofrece respostas a retos como saír da pobreza ou evitar a fame.

4. Seguridade e calidade ali-

mentaria. A destrución da agricultura a pequena escala na UE redonda negativamente na diversidade alimentaria. Pero ten outras consecuencias: os numerosos escándalos alimentarios a pesares das normas de hixiene que existen, o aumento de alerxias, intolerancias alimentarias ou cancro... Todo debido ao modelo dominante de consumo alimentario.

5. A cohesión social e interterritorial. As familias labregas dan vida aos territorios rurais e os xestionan grazas á actividade agrícola. Porén, a agricultura industrial ten un impacto negativo no uso de man de obra e, ademais, lévase o valor engadido do territorio coas exportacións. Na Europa dos 27, as grandes explotacións apenas xeran o 5% do

emprego agrícola. Unha explotación láctea, apenas precisa 1'9 unidades de traballo para producir 1 millón de quilos de leite; mentres que na agricultura a pequena escala, cumprían 3'3 unidades de traballo. É dicir, a agricultura a pequena escala crea máis emprego, precisando menores investimentos de capital.

6. Economía. Segundo Eurostat, as grandes explotacións suportan o 11% do rendemento agrícola total. No meirande dos países da UE, as granxas de pequena escala teñen unha marxe bruta por hectárea maior que as grandes explotacións.



► **GERARD CHOPLIN (Comité das Rexións)** comezou criticando a redución dos orzamentos da PAC e da política de cohesión proposta para 2021-2027, e reclamou “unha PAC xusta, sostible, duradeira e solidaria”. Pero, fronte a isto, o que temos é que “boa parte dos labregos e labregas venden a perdas e os pagamentos directos están distribuídos de maneira pouco equitativa. Ademais, os territorios rurais estanse despoboando e moitos produtos agrícolas expór-

tanse a prezos inferiores aos custos de produción en detrimento dos produtos de países terceiros”. Neste senso, cómpre “modificar as normas de comercio internacional actuais, que son de 1994, de maneira que sexan máis xustas e solidarias. O comercio internacional debe ocupar o seu lugar xusto sen prexudicar aos produtores e produtoras do sur e sen esquecer a prioridade de garantir a alimentación europea”.

Choplin tivo tamén críticas para os prezos agrícolas “cada vez máis volátiles”. Fronte a isto, “o Comité das Rexións considera que a regulación dos mercados é máis efectiva e beneficiosa que o desenvolvemento de medidas de crise”. E, fronte a isto, os seguros sobre as rendas son “unha solución falsa que só beneficia as empresas aseguradoras”. Contra a volatilidade, o Comité das Rexións propón “que se reparta de maneira xusta o valor engadido e as marxes de beneficio dos alimentos, sentando aos actores da cadea alimentaria a negociar e modificando o dereito de competencia se fixera falta”.

En canto aos pagos directos da PAC, “deben estar adaptados aos activos agrícolas. É mellor que haxa agras vivas con labregos mozos e labregas mozas, que non explotacións industriais. Neste senso, damos a benvida á proposta da Comisión Europea dun teito máximo de 60.000 euros por axuda”, aínda que habería que “seleccionar moi ben os criterios de aplicación para que este teito non quede en auga de castañas”.

Neste senso, Choplin tamén se expresou a favor da proposta que obriga aos estados membros a aplicar un pago redistributivo para as primeiras hectáreas e afirmou que os modelos de produción sostibles “xa non son unha opción, son unha obriga. E a PAC debe contribuír a isto”.



► Neste panel, falou en representación da Comisión de Agricultura **RUDOLF MOEGELE** quen dixo que a reforma da PAC aínda está en proceso e que, polo tanto, non se pode dar unha imaxe certa da mesma. Porén, explicou cales son os tres principais retos da nova PAC para a CE:

1. Economía: Moegele admitiu que os labregos e labregas viron diminuír as súas rendas nun 30% pola caída dos prezos e que os salarios agrícolas son inferiores aos doutros sectores. “Por todo isto, precisan unha axuda á renda que, a día de hoxe, depende nun 46% dos pagos directos da PAC”.

Neste apartado, Moegele dixo que o reto da nova PAC será “distribuír mellor eses pagos directos” con medidas como unha mellora da converxencia nos valores por hectárea en

toda a UE e poñendo un teito obrigatorio no importe das axudas a percibir. Polo demais, Moegele avogou por desenvolver os seguros agrarios, crear novas normativas que defendan as organizacións de produtoras/es fronte á competencia e ás granxas das prácticas empresariais desleais, apoiar máis decididamente a xente nova e aumentar o orzamento dedicado a investigación en 10.000 millóns de euros para desenvolver a agricultura intelixente.

2. Medio ambiente e clima: Fronte a problemas como a erosión dos solos, a perda de calidade da auga e de biodiversidade ou o cambio climático, a agricultura debe ser parte da solución. E a PAC adaptárase a estes retos a dous niveis: cun sistema de ecocondicionalidade que recompense os compoñentes de ecoloxización; e con medidas relacionadas con clima e medio ambiente.

3. Desenvolvemento rural: Moegele aclarou que “a maior parte do financiamento dedícase a investimentos, medidas medioambientais e a outras iniciativas relacionadas co clima, e non creo que isto vaia mudar no futuro”. “De aquí a 2020 vai a haber unha redución do 3'9% para os pagos directos e do 15% para o desenvolvemento rural”, admitiu Moegele, “pero esta redución vaise ver minimizada grazas a unha maior taxa de converxencia dos estados membros. Polo tanto, ao final a redución vai ser mínima”.

Panel 2: Comercio e mercado

Guiado por **Lidia Senra** (eurodeputada, labrega e coordinadora na Comisión de Agricultura e Desenvolvemento Rural da GUE/NLG), este panel contou con Andoni García, do Comité Coordinador da ECVC; Madeleine Kerglonou-Terrom, da Confédération Paysanne; e John Clarke en representación da Comisión de Agricultura, na que ocupa o

cargo de director xeral en áreas como calidade, investigación e innovación. Senra fixo a introdución criticando abertamente unha Comisión Europea “empeñada en dar prioridade ao comercio internacional, xustificándose co grande delirio de pretender alimentar o mundo. E contra máis teñamos que producir para os mercados internacionais, cantos

máis quilómetros teñan que percorrer os nosos produtos, menor prezo teremos; e cada suposto espazo que conquistemos no mercado internacional suporá perdas de mercado nos nosos mercados internos”. E, neste senso, subliñou como grandes ameazas para a agricultura europea a sinatura de tratados de libre comercio.

SEGUE ►





► En nome da ECVC, **Andoni García** cualificou a nova reforma da PAC como “algo imposible”, pois avoga por obxectivos incompatibles entre si, como manter as rendas labregas e asinar tratados de libre comercio que causan baixadas nos prezos.

García criticou que a CE impulsa “unha agricultura sen labregos e labregas” que supedita os mercados locais aos internacionais, que aposta pola exportación fronte á produción para fornecer as nosas poboacións, que provoca a perda de calidade alimentaria e problemas medioambientais, que fortalece os operadores da cadea alimentaria a costa de baixar os prezos en orixe e que destrúe a agricultura sostible. “E a proposta de reforma da PAC vai nesta liña”.

García incidiu no impacto negativo dos acordos de libre comercio, poñendo de exemplo a eliminación das cotas lácteas que provocou unha “crise de prezos e peche de granxas e que teñamos un stock de 370.000 toneladas de leite”. E os baixos prezos nas exportacións provocan, ademais, dumping, destruíndo as

economías agrarias de terceiros países. “Alguén gaña, e non son os labregos nin as labregas”.

Como alternativa a esta PAC, a ECVC defende “políticas públicas baseadas na soberanía alimentaria para apoiar un sistema agrícola san e sostible, con moitos labregos e labregas por todo o territorio da Unión Europea e, especialmente, en zonas vulnerables. Tamén defendemos a regulación pública e estabilización dos mercados, o control da produción para que os prezos cubran os custes da actividade, e a limitación de capitais especulativos na produción alimentaria porque destrúen a agricultura labrega e sostible”.

Medidas como a directiva sobre as prácticas abusivas na cadea de valor presentada por Hogan, non abordan a cuestión de fondo: o desregulamento dos mercados. “E mentres isto non se aborde, non se solucionará o problema dos baixos prezos e as imposicións do resto de operadores da cadea de valor”.

Do mesmo xeito que Choplin, Andoni García expresou o seu rexeitamento absoluto aos seguros de riscos: “Sabemos o positivos que son os seguros para abordar os riscos climáticos, pero non para abordar os riscos de mercado. Isto é un insulto”. En definitiva, “precisamos unha nova PAC que regule os mercados, que controle a produción, e que aposte polo máximo número de labregos e labregas en todas as rexións”.



► **Madeleine Kerglonou-Terrom**, gandeira da Confédération Paysanne, achegou a súa testemuña profesional. Cunha produción de 500.000 litros e 60 hectáreas de terras, Kerglonou-Terrom queixouse de ter “perdas a pesares de traballar moito, e isto ten un límite. Estamos atrapados nunha espiral, nunha situación cada vez máis precaria”.

Nesta situación de dificultade, grazas ás axudas da PAC “foi mellorando a nosa situación”. Pero, aínda así, o sentimento nos labregos e nas labregas é o de “incerteza de cara ao futuro. En 2016-17, volvemos ter dificultades e a situación é cada vez máis complicada. Estamos perdendo a esperanza, cada vez hai menos granxas e máis abandonos. É moi difícil aforrar, pensar no futuro ou investir con esta volatilidade”.

► **John Clarke** defendeu a política exportadora da CE. Clarke explicou que “na UE, a demanda dos consumidores e consumidoras de alimentos está estancada, e nalgúns sectores como os lácteos e verduras está diminuindo; porén, noutras zonas xeográficas



como China ou Asia en xeral, está medrando a poboación, mudando os hábitos de consumo e, polo tanto, aumentando a demanda”.

Para Clarke, as exportacións agrícolas comunitarias están ben porque nos dan unha balanza comercial positiva que pasou de 6.000 millóns ao ano a 12.000 millóns. E neste espírito encádranse acordos de libre comercio que “beneficien e convenzan aos labregos e labregas de Europa. Non son unha panacea, pero as consecuencias negativas están a ser pequenas”. De feito, Clarke dixo que a volatilidade dos prezos, a baixada de ingresos e as presións nos mercados europeos non se deben a este tipo de acordos, senón á orientación do mercado da economía europea.

Respecto da reforma da PAC, “estamos esforzándonos para que haxa máis protección para os labregos e labregas na cadea de valor, para facer fronte ás prácticas desleais e para que se distribúan mellor os ingresos e beneficios. Ao mesmo tempo, nos acordos comerciais tentamos protexer aos sectores máis vulnerables”.

Panel 3: Por unha agricultura sostible



No terceiro panel, guiado polo eurodeputado **Eric Andrieu**

(MEP S&D), participaron Genevieve Savigny, pola ECVC; Elisa-

beth Fresen, como gandeira; Tom Jones, do Comité Económico e Social Europeo; e Ricard Ramón i Sumoy (xefe de unidade adxunto na Dirección Xeral de Agricultura) con Claudia Olazabal (xefa de unidade na Dirección Xeral de Medio Ambiente) por parte da Comisión Europea.

► Dende o comezo da súa intervención, **Genevieve Savigny** foi moi crítica “coa reforma profunda da PAC de 1992 que abandonou as ferramentas de regulación da produción”. Hoxe segui-

mos padecendo consecuencias dese desregulamento coa baixada xeneralizada dos prezos, que non reflicten os custes de produción. “Agora, moitos labregos e labregas dependen para ter ingresos dun sistema de axudas directas con toda a burocracia que isto implica. Pero cómpre saber que hai sete millóns de labregos e labregas que reciben axudas dun total de once. É dicir, o 30% non recibe nada”.

Isto reflíctese nas baixas rendas da profesión labrega: o 75% ingresa menos de 10.000 € ao

ano. E as axudas da PAC, agora mesmo, non compensan isto, pois están concentradas en poucas mans como se ve en que o 0'2% de labregos e labregas que gañan máis de 100.000 € levan o 16% desas axudas.

Para solucionar isto, “ten que haber unha mellor redistribución das axudas que teñan en conta figuras como o da persoa labrega activa, os postos de traballo que mantén a granxa, etc. E ten que haber axudas dirixidas especificamente á xente moza no segundo piar, e non no primeiro”.

En canto á sostibilidade, que era o tema do panel, “é moi importante que se apoie en tres piares: económico, social e medioambiental”:

1. Sostibilidade económica:

Máis que de competitividade, deberíamos falar de rendibilidade, de que haxa ingresos nas granxas, que se poida vivir do traballo agrario.

2. Sostibilidade social: Tamén se debe ter en conta o aspecto social, que o traballo sexa viable, que se traballe de maneira normal e razoable e que as persoas que traballen nas granxas teñan un salario digno e unhas condicións laborais decentes.

3. Sostibilidade medioambiental: É o modelo agrícola o que vai determinar a sostibilidade medioambiental. Por iso, desexamos que no modelo futuro se evite este reparto inxusto das axudas que obriga á xente nova a unha grande competitividade (esa competitividade vai en contra da sostibilidade a todos os niveis). E sabemos que hai moita xente nova que quere incorporarse á agricultura, pero nun modelo sostible.



► **Elisabeth Fresen** é unha gandeira moza do norte de Alemaña que ten vacas en réxime de pas-

toreo. “Eu agardo que a PAC protexa o noso modo de vida. Eu quero ter tempo libre, que as persoas que traballan na miña granxa poidan saír a unha hora razoable e un bo salario, que todos e todas poidamos disfrutar do noso dereito a unhas vacacións”. Porén, a actual PAC non fai posible isto. Fresen relatou a experiencia de seu pai, que “chegou a traballar 16 horas ao día e a veces nin sequera daba pagado as facturas a finais de mes. Isto é un escándalo”.

Esta situación de inestabilidade fai que o rural sexa moi pouco atractivo para que a xente nova aposte por el: “Teño amigos e amigas a quen lles gustaría ter unha granxa, atráelles, teñen a suficiente formación para xestionala e a vontade de querer ser labregos e labregas. Pero, ¿por que non dan ese paso? Porque hai moitas dificultades. Se eu non tivese herdado a granxa da miña familia, tería que mercar unha propiedade, terras, instalacións, maquinaria... Precisaríase un capital para comezar. Comezar é moi caro. E, para iso, precisaríase unha PAC que me apoiase, que fose coherente. Pero no é así. O acceso á terra para a xente nova é case imposible, e as familias que teñen granxas paradas non lles ceden a xente estraña, senón a alguén da súa familia. Mesmo os pagos directos a xente nova en Alemaña baixaron un 1% dende 2016”.

De cara a mellorar esta situación, “non deberíamos tomar como criterio de reparto das axudas ás hectáreas, senón as necesidades reais dos labregos e das labregas. A PAC debería revisarse a fondo para que sirva á hora de dar un futuro á xente moza rural e para que o mundo rural sexa habitable. Os obxectivos iniciais da PAC de asegurar alimentación para todos e todas xa se conseguiu, e agora dedicámonos a facer exportacións baratas”.

► Pola súa banda, **Tom Jones**, do Comité Económico e Social Europeo, mantivo que o principal reto da PAC é o da sostibilidade dos labregos e das labregas. “Trátase dun reto interxeracional e, para que a xente nova aposte



pola agricultura, precisamos dunha serie de medidas para que iso aconteza. A PAC pode ser un marco para crear unha lexislación que apoie aos labregos e labregas cando teñan dificultades”.

En positivo, Tom Jones quixo destacar fortalezas da agricultura a pequena escala como o respecto polo medio ambiente, a saúde, o patrimonio ou a paisaxe, cada vez máis valoradas pola cidadanía. “Debemos convencer á cidadanía de que todos estes activos pertencen a toda a sociedade, non só a nós”. E para reforzar isto, cómpre botar man da PAC, do financiamento do segundo piar para fomentar a unión en aspectos como a comercialización ou crear empresas sociais.

► **Ricard Ramon I Sumoy** centrou as súas palabras nos pagos directos, e comezou falando da súa distribución. Sumoy recoñeceu como un problema que o 20% das granxas perciba o 80% das axudas e, na outra banda, o 50% das granxas que menos se benefician dos pagos directos só perciben o 5% das axudas. “Esta é unha realidade que compre resolver no futuro”.

Sumoy tamén insistiu en que non é certo que a PAC se vaia renacionalizar, aínda que se manterá a flexibilidade para organizar distintos niveis de pagos directos en cada estado.

Respecto do reparto das axu-

das segundo as hectáreas, explicou que “se queremos manter un sistema de distribución das axudas que estea vinculado á terra, isto non vai mudar, pero iso non significa que non poidamos melloralo”. Neste senso, poderíase mellorar o reparto con instrumentos como “un teito obrigatorio nas axudas que teña en conta o traballo, e tamén un pago redistributivo obrigatorio. Nós cremos que o pago redistributivo é máis efectivo cós teitos”.

► Neste panel, tamén falou en nome da Comisión de Medio Ambiente **Claudia Olazabal**, quen mantivo que “a PAC debe ser máis ambiciosa dende o punto de vista do medio ambiente e axudar a camiñar á agricultura cara a un modelo máis sostible. Tardaremos máis de sete anos e igual precisaremos de dúas PACs, pero debemos apoiar esta transición”. Para iso, as vindeiras PACs deben ser coherentes co coidado do medio ambiente e as políticas climáticas. “Este novo modelo de cumprimento permitirá aos estados utilizar o seu financiamento de maneira específica para que poidan cubrir as súas necesidades medioambientais dun xeito máis efectivo. Ademais, queremos que os labregos e as labregas teñan recompensas polos servizos que realizan para o medio ambiente. Cos ecoprogramas do segundo piar da PAC podemos conseguilo”. Así, prevese que as granxas poidan levar retribucións extras por coidar do solo, da auga, dos ecosistemas, sobre todo nas zonas de alto interese ecolóxico onde a rendibilidade non é moi alta. “A estes labregos e labregas cómpre recompensalos e crear un sistema efectivo para facelo”.



BUROCRACIA ▶ O Ministerio de Emprego pretende implantar a dixitalización total dos trámites para as persoas que cotizan no réxime de autónom@s a partir do 1 de outubro

O SLG contra a obriga de telematizar todas as xestións na Seguridade Social


O rural galego ficará marxinado pola deficiente implantación das novas tecnoloxías e unha poboación moi envellecida

O pasado 6 de marzo, o Bole-
tín Oficial do Estado (BOE) pu-
blicaba a Orde Ministerial
ESS/214/2018 que modifica a
Orde ESS/484/2013 reguladora
do Sistema de Remisión Electrón-
ica de Datos na Seguridade So-
cial. Esta nova orde obriga a
todos os traballadores e a todas
as traballadoras que cotizan
polo Réxime de Autónom@s
-incluíndo as dos reximes espe-
ciais agrícola e do mar- a incor-
porarse á administración elec-
trónica e xestionar de maneira
telemática todos os trámites coa
Seguridade Social relacionados
coa afiliación, cotización e reca-
dación das cotas, incluíndo a re-
cepción de notificacións e co-
municacións. A obriga farase
efectiva a partir do 1 de outubro
e, nas últimas semanas, os tra-
balladores e traballadoras afec-
tad@s comezaron a recibir car-
tas da Seguridade Social nas
que se lles pide facilitar un nú-
mero de teléfono móbil e unha
conta de correo electrónico.

Para o Sindicato Labrego Ga-
lego, esta obrigatoriedade su-
pón un atranco máis na carreira
de obstáculos burocrática que
os labregos e labregas teñen
que padecer nas súas relacións
coa Administración. De feito,
dende o SLG denunciámos que
esta obriga supón un serio pro-
blema que converte as persoas
que viven no rural en cidadanía
de segunda en comparación coa
xente que vive nos grandes nú-
cleos urbanos, xa que a posibili-
dade de relacionarse telemati-
camente coa Administración é
moi desigual dependendo de

onde residas. Nun país coma o
noso, onde a cobertura de Inter-
net e telefonía deixa moito que
desexar nas zonas rurais, onde
a poboación do campo está moi
envellecida e moita non sabe
usar nin posúe teléfonos móbi-
les, ordenadores ou contas de
correo electrónico -realidade
extensible aos labregos e ás la-
bregas-; telematizar os procede-
mentos administrativos conde-
na unha parte moi importante
da poboación a renunciar a re-
lacionarse coa Seguridade So-
cial ou a contratar os servizos
dunha xestoría privada para
poder facelo.

Por se non abundase, quen si
poden realizar os trámites ad-
ministrativos por vía telemática,
atópanse con que as platafor-
mas dixitais da Seguridade So-
cial son obsoletas, deficientes e
moi complexas de utilizar. Ade-
mais, fallan decotío e provocan
atrancos e demoras constantes
só atribuíbles ao mal funciona-
mento dos programas.



Solicitud de entrevistas para tratar o tema cos e coas responsables do INSS na Galiza

Dende o SLG, denunciámos que as relacións da Seguridade Social cos seus administrados e administradas van sufrir un grave deterioro por todo o devandito no que supón un claro avance no proceso de desmantelamento xeneralizado de servizos públicos que estamos a sufrir. Desta maneira, miles de cidadáns e cidadás poden e están a perder servizos e dereitos por non poder acce-
der a eles por vía telemática na Galiza.

Diante deste problema que é consecuencia directa dos recortes en persoal funcionario, dende o SLG solicitamos entrevistas cos e coas respon-
sábeis da Seguridade Social e do Goberno para que dean marcha atrás ou, cando menos, maticen a orde ministerial.

Para o SLG, a Seguridade Social está obrigada a garantir os dereitos daquelas persoas que, por idade, formación, lugar de residencia ou calquera

outra causa, non pode realizar xestións adminis-
trativas por vía telemática. E para iso debe garan-
tir que, máis alá da obrigatoriedade de telemati-
zar todos os procedementos administrativos,
esas persoas poidan facer calquera trámite direc-
tamente con persoal funcionario.

No rural galego téñeno doado: garantir os de-
reitos das persoas administradas mantendo a
rede de oficinas da Seguridade Social con recur-
sos materiais e humanos suficientes para que os
labregos e labregas que cotizan no Sistema Espe-
cial de Traballadores e Traballadoras do Agro
(SETA) que o precisen, especialmente aquelas
persoas de idade máis avanzada, poidan realizar
calquera xestión ou trámite directamente sen ter
que recorrer a unha xestoría privada, tal e como
acontecerá de maneira xeneralizada se non se
modifica a Orde ESS/214/2018.

TITULARIDADE COMPARTIDA ▶ Na nosa terra, calcúlase que 35.000 mulleres se poden acoller a esta medida, pero tan só o fixeron 17 en seis anos, o 0'05% do total

Galiza acolle a súa primeira xornada sobre titularidade compartida dende 2013

A pesares de que a lei entrou en vigor en 2012, nunca antes fixeran actividades formativas a nivel galego para impulsala

O pasado 22 de xuño, a Rede Rural Nacional (RRN) e a Consellaría de Medio Rural organizaron en Santiago de Compostela unha xornada sobre a Lei de Titularidade Compartida nas Explotacións Agrarias. Nesta xornada formativa dirixida a persoal técnico e administrativo, principalmente, tentouse achegar claves, xeitos de proceder e información relacionados cos procesos de solicitude e xestión da titularidade compartida.

Por parte do Sindicato Labrego Galego, participou a responsábel da Secretaría das Mulleres, María Ferreiro, quen explicou que *“dende que entrou en vigor a Lei de Titularidade Compartida, hai seis anos, esta é a primeira xuntanza formativa e informativa que se celebra na Galiza ao respecto. Dado que en todo ese tempo tan só houbo 17 casos nos que se optou pola cotitularidade en granxas galegas, máis un expediente a maiores que actualmente está en tramitación, podemos dicir que levamos seis anos perdidos. Evidentemente, esta xornada era moi necesaria, pero debeu terse celebrado hai seis anos, xusto ao pouco de aprobarse a lei”*.

O certo é que nesta xornada participou persoal de Facenda, da Seguridade Social, da Consellaría de Medio Rural, das oficinas agrarias comarcais e de todas as instancias administrativas que están implicadas na tramitación dos expedientes de cotitularidade que, até agora, non tiveron ningún tipo de for-

mación ou información para poder desenvolver este traballo coa suficiente solvencia. É dicir, que dende que se aprobou a Lei de Titularidade Compartida, durante seis anos este persoal non estivo capacitado para asesorar e guiar no proceso de xestión da cotitularidade ás persoas interesadas.

✓ **423 expedientes feitos para 400.000 casos posibles**

Dende que entrou en vigor a Lei de Titularidade Compartida, o 5 de xaneiro de 2012, o seu desenvolvemento foi moi cativo e, ademais, desigual, dependendo da comunidade autónoma da que falemos. No extremo negativo estarían Andalucía, Madrid e Illes Balears, comunidades nas que, nestes seis anos, non se tramitou ningunha solicitude. As que máis, Castela A Mancha e Castela León, con 120 e 162 tramitacións feitas no mesmo período. En total, 423.

Galiza, con 17 altas, estaría entre as comunidades con menos solicitudes aprobadas, cifra que empeora se a comparamos coa cantidade de mulleres labregas que se poderían acoller á titularidade compartida na nosa terra: unhas 35.000. A nivel estatal, no intre de aprobar a lei calculábase que unhas 400.000 mulleres poderían beneficiarse dela. É dicir, que o grao de cumprimento sería dun 0'05% na Galiza e un 0'1% no Estado.

Nas imaxes, arriba, a segunda pola dereita é Montserrat Laya, labrega de Ribadeo afiliada ao SLG que interveu na xornada para explicar os problemas que tivo que afrontar no proceso para acadar a titularidade compartida. Abaixo, táboa estatística das altas que houbo no Estado dende 2012, actualizada a 30 de xuño



Comunidade	Nº de titularidades compartidas
Andalucía	0
C. de Madrid	0
Illes Balears	0
I.Canarias	1
R. de Murcia	1
C. F. Navarra	1
Cantabria	4
Catalunya	5
P. de Asturias	5
C. Valenciana	10
Extremadura	11
Galiza	17
Aragón	18
A Rioxa	32
Euskadi	36
Castela-A Mancha	120
Castela e León	162
TOTAL	423

UNHA PAC PARA A XENTE NOVA ▶ A Política Agraria Común (PAC) funciona como un sistema de subvencións que consume ao redor do 40% do orzamento global da Unión Europea. Isto supón que cada cidadán e cada cidadá da UE debe achegar 30 € diarios para financiar a PAC ou, o que é o mesmo, uns 57.000 millóns de euros anuais. A pesares da enorme cantidade de cartos que se lle asignan, en troques de ser un apoio, a PAC está a xenerar cada vez máis dependencia por parte dos labregos e das labregas que reciben as subvencións. En canto ás novas incorporacións, a realidade é moi distinta en cada país e, de feito, moitos estados non empregan correctamente esta posibilidade de axudar ás persoas mozas ou as novas incorporacións.

A ECVC demanda unha PAC que dea prioridade ás novas incorporacións

Actualmente, os subsidios agrícolas páganse por hectárea. Se ben é certo que a PAC reparte cifras astronómicas de cartos, a realidade é que moitas persoas labregas aínda teñen que loitar por sobrevivir, xa que moito dese diñeiro beneficia realmente ás industrias e ás grandes cadeas de distribución que, dentro da cadea alimentaria, poden impoñer prezos artificialmente baixos en orixe sabendo que serán compensados polas axudas. Ao mesmo tempo, os mercados locais erosionáronse e, decotío, as granxas xa non desenvolven a súa función á hora de fornecer a alimentación das súas comunidades. Do mesmo xeito, as cidades dependen de longas cadeas de subministro de alimentos.

Ás novas incorporacións na agricultura, decotío resúltalles difícil entrar no sistema de subsidios a menos que herden terras ou dereitos. Moitos destes novos participantes, no meirande xente moza, están a dar nova vida ás zonas rurais mediante a produción de alimentos para a venda directa ás súas comunidades locais, vilas e cidades. Estas granxas, normalmente, teñen un alto valor social e ambiental e revitalizaron parroquias e aldeas en toda Europa.

A pesares do seu gran traballo, moitos deles e moitas delas subsisten sen apoios públicos ou están illados e illadas dos sistemas tradicionais de apoio agrícola. Normalmente, as súas granxas non producen para maioristas tradicionais, senón para a cidadanía, cooperativas e outros

puntos de venda directa, como a agricultura sostida pola comunidade.

Por desgraza, a PAC actual non é compatible con estas novas granxas e incorporacións. Neste contexto no que a cidadanía esixe cada vez alimentos de máis calidade producidos localmente, chegou o momento de ofrecer un incentivo e apoio ás granxas e aos labregos e labregas que tentan reconstruír os mercados locais desmantelados en Europa e dar vida a unha nova xeración labrega.

Este documento quere ofrecer propostas para unha nova Política Agraria Común orientada a apoiar e estimular a produción e o consumo local de produtos agrícolas.



1. Mudar a axuda financeira

En moitos estados membros da UE, os novos labregos e as novas labregas reciben pouco ou nada para establecerse nunha produción agrícola ou gandeira. En moitos casos, teñen que ter xa terras ou unha granxa para recibir eses cartos. Ademais, a suma que reciben está ligada ao número de hectáreas que posúen. Tamén existen criterios de exclusión para recibir estes cartos, como por exemplo ter menos de 40 anos, unha renda mínima, ou mesmo posuír un determinado número de hectáreas.


Pensamos que cada mozo ou moza que queira establecerse na agricultura ou na gandería debería recibir unha axuda financeira puntual directa -por exemplo 25.000 €-, para iniciar a súa actividade. Esta axuda non debería estar vinculada ao número de hectáreas que os labregos e labregas queren utilizar, senón á persoa que se incorpora. Con isto garantiríase que os cartos da PAC apoian granxas de escala humana e non macroproxectos indus-

triais ou propiedades de terratenentes.

Francia e España, por exemplo, son dous dos estados membros que dan unha axuda financeira aos labregos e labregas que queren iniciar a actividade. Esta axuda permite reducir os custes do establecemento. Porén, esta axuda financeira está tamén relacionada con determinados criterios que non todos os novos labregos e as novas labregas poden cumprir.



2. Complemento á renda



Do mesmo xeito que é necesario que haxa unha axuda financeira á persoa para comezar a actividade, é un reto que as novas incorporacións sexan viables no tempo. Cando unha persoa moza se incorpora, nos primeiros anos ten dificultades para poder acadar unha renda digna, o cal, en moitos casos, poder forzar o cese da actividade.

Nalgúns estados membros, como é o caso do Estado Español, unha parte da prima de instalación está dirixida ao concepto de salario, pero a realidade dinos que acaba desti-

nándose a maiores investimentos e isto fai que se promovan modelos de agricultura máis intensiva.

As axudas á renda deben contemplarse tamén dentro das axudas á instalación e cubrir o mesmo período ca estas. Esta axuda debería ser regresiva, diminuindo a cantidade recibida a medida que pasa o tempo e os ingresos pola actividade son maiores; e fraccionada, cobrándose mes a mes para asegurarnos que realmente é un complemento á renda e non vai gastarse nun investimento.

3. Un pagamento directo para as granxas que fornecen mercados locais

Unha maneira efectiva de apoiar a produción local e estimular a entrada dunha nova xeración de persoas labregas ao campo europeo é mediante o desenvolvemento dunha nova medida de pagamento directo dirixida, especificamente, ás granxas que abastecen os mercados locais e rexionais.

Este apoio debe vir en forma dunha axuda anual de sostemento de ingresos, pagada directamente á persoa labrega. Os labregos e as labregas participantes terían que cumprir cunha serie de criterios:

A finca debería ter un volume de negocio anual mínimo coa venda directa da súa propia produción (as cifras terían que axustarse segundo as realidades locais).

Debe poder demostrarse que a persoa labrega se dedica activamente á agricultura como actividade principal.

A granxas deben poder demostrar que o 75% ou máis da súa produción consúmese nun radio máximo de 100 kms. para produtos frescos e 250 kms. para produtos procesados (con excepcións para certas áreas xeográficas, densidades de poboación, etc.).

Non debe ser obrigatorio ter a terra en propiedade ou ter unha cualificación agrícola específica.

O pagamento debe ter unha taxa base establecida (por exemplo, en 5.000 €). Os pagamentos tamén se poden calcular como unha porcentaxe da facturación, cun pago mínimo



de 5.000 € e máximo de 20.000 € (por exemplo, tamén podería ser simplemente un pago de tarifa base simple de 5.000 €, independentemente do seu tamaño).

4. Axustar a axuda ao investimento

A axuda ao investimento debe ser axustada. Até agora, para beneficiarse desta axuda, os labregos e as labregas tiñan a obriga de mercar material novo. É inadmisíble facerlles correr tales riscos, impoñéndolles a compra de material novo a custes elevadas.

4Se a compra de material de segunda man fose posible dentro das axudas de investimento, os novos labregos e as novas labregas poderían aproveitálas mellor.



5. Servizo de aconsellamento gratuito

Debería existir un servizo de aconsellamento e asesoramento gratuito para os novos labregos e as novas labregas. Até agora, en moitos países europeos existen escasos ou ningún servizo de aconsellamento ou, cando os hai, son de pago. Emprender un proxecto de granxa que siga os principios da agroecoloxía é un proceso complexo, sobre todo para as persoas que se están iniciando na actividade. Os servizos de aconsellamento debidamente preparados son imprescindibles para facilitar o establecemento da mocidade labrega.

Consideramos que estas medidas traerían canda si varios efectos secundarios positivos que axudarían a apoiar e estimular a incorporación de máis activos á agricultura e, desta maneira, promover a produción e o consumo locais de produtos agrícolas. Como exemplo dalgúns dos efectos que virían da man destas medidas, gustaríanos citar as oportunidades de emprego rural, os

beneficios sociais das cadeas curtas de comercialización, a mellora na nutrición, o mellor acceso aos alimentos, a integración de granxas urbanas e periurbanas, a diversificación e descentralización da produción de alimentos, a redución das emisións contaminantes do transporte e almacenamento de alimentos, e o recoñecemento do papel dos produtores e produtoras de alimentos na sociedade.



Axudas para asesoramento en explotacións agrogandeiras

Axudas destinadas á prestación de servizos de asesoramento a persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións agrícolas ou gandeiras, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrí-

cola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020. O **prazo** de solicitude remata o 19 de xullo.

Axudas á conciliación da vida laboral e familiar de autónom@s

Axudas a persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que, unha vez finalizada a súa baixa por maternidade ou paternidade, contraten unha persoa para ampliar a súa conciliación da vida familiar e laboral.

As axudas serán para compensar a contratación dunha persoa durante dezaseis semanas.

O prazo de solicitude será de 1 mes contado dende a contratación subvencionada.

Axudas para contratar mulleres desempregadas

Axudas para facilitar a inserción laboral das mulleres desempregadas. Poderán ser beneficiarias as persoas empregadoras e as empresas, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de persona-

lidade xurídica, que contraten traballadoras por conta allea para prestaren servizos en Galicia.

O **prazo** para contratos realizados antes do 27 de xuño rematará o **28 de agosto**; os contratos feitos despois, terán até o **30 de setembro**.

Axudas para crear sociedades de fomento forestal (sofor)

Ao peche deste Fouce, o Consello da Xunta xa tratara estas axudas, que se convocarán, previsiblemente, no verán. Como novidades, na baremación darase máis puntos a maior número de persoas socias, terase en

conta a superficie media das parcelas, a proporción de superficie concentrada e se son zonas de alto risco de incendio. Ademais, o prazo de execución dos proxectos será bianual. Máis información nas oficinas do SLG.

Axudas para ampliar bonificacións nas cotas á Seguridade Social

Axudas a persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que estean ou estivesen acollidas aos incentivos e medidas de fomento e promoción do traballo autónomo do parágrafo primeiro do artigo 31.1 da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballo autónomo, que establece que a cota por continxencias comúns, incluída a incapacidade temporal, das persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que causen alta inicial ou que non estivesen en situación de alta durante un período de tempo anterior regulado no

dito artigo, contados desde a data de efectos da alta, no réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomos, se reducirá á contía de 50 euros mensuais durante o número de meses regulados no mencionado artigo, inmediatamente seguintes á data de efectos da alta, no caso de que opten por cotizar pola base mínima que lles corresponda. As axudas só son para altas no RETA anteriores ao 1 de xaneiro de 2018 que cumpran cos requisitos regulados nesta orde. O **prazo** remata o 31 de xullo.

Axudas para o sector de horta e planta ornamental

Ao peche deste Fouce, a Consellería de Medio Rural anunciou que, no transcurso do mes de xullo, convocaría unha orde de axudas específicas para o sector de horta e planta ornamental.

Segundo adelantaron, subvencionaranse os investimentos materiais

ou inmateriais que supoñan unha mellora da explotación (reformas e construción de instalacións, compra de maquinaria e terreos, custes da contratación de servizos de enxeñería ou proxectos de construción e reforma. O importe da axuda será de até o 50% dos custes

Plan para renovar o parque de maquinaria agrícola

Plan de renovación do parque de maquinaria agrícola (Plan Renove) que, neste 2018, só subvencionará a adquisición de cisternas de xurros novas con sistemas de localización de produtos no solo, con achatarramento da cisterna antiga, ou para a substitución do accesorio de aplica-

ción de xurro con pratos, abano ou canón por accesorios localizadores do xurro no solo. con pratos, abanico o canón por accesorios.

Tes toda a información en: https://gestionrenove.es/SGP_Renove/inicio

O **prazo** remata o 15 de setembro.



Asesoría para mulleres do rural

PUNTO DE ATENCIÓN ÁS MULLERES DO RURAL
ASOCIACIÓN PUNTO DELAS - SECRETARÍA DAS MULLERES



TELÉFONO DE
EMERXENCIA PARA
CASOS DE VIOLENCIA
CONTRA AS MULLERES



016

Non permitas que te maltraten.
Solicita axuda no teléfono 016.

Chamada gratuíta e secreta (non se rexistra no recibo)

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndese

-Autocargador con cabezal hidráulico do ano 1989. Con documentación. Na zona de Pastoriza (Lugo).
☎680 770 226

Véndese

-Suzuki Gran Vitara en perfecto estado. 135 Cv.
☎630 561 310

Véndese

-2 comedeiros de rolos.
-Quad en bo estado.
Na zona d'O Corgo.
☎689 752 400

Véndese

-Muíño eléctrico.
-Máquina limpadora.
Na zona d'O Corgo.
☎648 718 864

Véndese

-Cisterna de 6.000 litros.
-Sala de muxido de 4 puntos con medidores e lavado automático Westfalia.
-Tanque de frío de 730 litros.
-Autocargador con rotativa.
-Desensilador.
En Oza-Cesuras. Por xubilación.
☎669 799 422 (Xesús)

Véndese

-Cachorros de mastín. En Monfero (A Coruña).
☎626 194 490 (Paco)

Véndese

-Rabaño de vacas do monte. No concello de Covelo (Pontevedra).
☎626 442 294

Véndese

-2 estruturas de invernadoiro. Medidas: Un de 42x8,50; e outro 46x6,80. Prezo negociable. No concello d'O Rosal (Pontevedra)
☎630 366 418 (Isabel)

Véndese

-Picador Pottinger de 40 metros con estendedores en moi bo estado.
☎982 183 019 e 628 785 466

Véndese

-Silo de penso de 8.000 kg. de dous compartimentos. Zona de Monfero.
☎981 788 905

Véndese

-Xatas e xatos con carta, raza Blonde de Aquitania. Boa xenética. En Ribadeo.
☎686 116 478

Véndese

-Herba seca en pacas de 80x80x240. Na zona de Chantada.
☎670 320 138

Véndese

-Rabaño de 65 ovelas de carne en Santabaia de Montes (Cualedro).
☎665 504 653 e 648 745 620

Véndese

-Rolos de herba seca deste ano (30 aproximadamente) na zona de Castro de Rei (Lugo).
☎659 643 489 (Xosé Maria)

Véndese

-Xuntador de herba de 630 m., marca Fella. 3.000 €
-Ensiladora de millo de un rego, marca Taarup. 500 €
☎620 670 303

Véndese

-Estendedor-ringleirador Vicon.
☎981 786 610 (Xosé).

Véndese

-Citroën saxo
☎606 398 305

Véndese

-Silo e herba seca en rolos.
☎982 526 108
(chamar de 13:00 a 16:00)

Véndese

-Cisterna de xurros de 6.000 litros
-Circuíto de muxido de 4 puntos marca Sac.
-Autocargador rotativo Morra de 1'85 m.
☎648 037 051 (Santiago)

Véndese

-Angazo ringleirador de 11 brazos.
-Muíño eléctrico de pedra. Zona Ribadeo.
☎656 349 743 (Paco)

Véndese

-Vacas e xovencas de raza fri-soa por xubilación.
Chamar en xuño.
☎699 439 775 (Carlos)

Véndese

-Autocargador Maglosa RC. Peso máximo, 3.800 kg. Moi bo uso. Zona Portomarín.
☎626 686 509

Véndese

-Silo de penso de 5.000 kg.
-Rolos de silo.
-Tanque de leite de 2.200 l. -Circuíto de muxido.
Vende por cese de actividade na zona de Castro de Rei.
☎670 898 481

Véndese

-Arrincadora de patacas marca Aguirre. Para dous regos, monomando de sirgas con distribuidor para pa.
-Abonadora pendular marca Aguirre con capacidade para 500 kg.
☎650 019 275

Véndese

-Rolos de herba seca en Santa Cristina (Cospeito).
☎982 505 755 (Salustiano)

Véndese

-Sala de muxido de 6 puntos, marca Gascoigne Melotte con 6 pulsadores electrónicos. Lavado automático. Por xubilación.
☎981 695 542 e 648 118 865

Véndese

-Carro mesturador Storti de 9 m. Ten menos de 10 anos. Venta por xubilación. Na zona de Castro de Rei.
☎670 898 481 (Xosé).

Véndese

-Abono de vaca feito con toxo. En granxa ou a domicilio. En San Amaro (Ourense).
☎646 074 892 (David)

Véndese

-Rolos de silo.
☎981 446 501

Véndese

-Arado de 2 regos automático, en bo estado. Zona de Meira.
☎982 330 623 (Manuel)

Véndese

-Autocargador-picador marca Mengele, con espaxadores e documentación.
☎628 586 957 (Antonio)

Véndese

-Bañeira de 850 litros monofásica.
-Circuíto de 3 puntos, marca Manus.
☎618 244 883

Véndese

-Tanque de leite de 1.050 litros marca PACKO - auga xeadada, dunha tapa soa, en uso e bo estado. Na zona de Guntín.
☎670 508 318 (Xosé Manuel)

Véndese

-Quad Polaris Scrambler 4x4 400 2T. Ano 1998. En perfecto estado mecánico e coa posta a punto total acabada de facer, con factura de taller e pezas. Documentación en regra como ATV. Sen ITV. Prezo. 2.000 €. En Baltar, Pastoriza (Lugo)
☎630 382 654

Véndese

-Autocargador Sima de 22 metros, seminovos e con documentación.
-Apañadora de patacas seminovas.
☎690 774 565

Véndese

-Tractor Fiat F100.
-Herba seca en pacas grandes.
No Arneiro (Cospeito)
☎676 128 939 (Antonio)



Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.

Cursos formativos sobre prevención de riscos laborais no agro en LUGO e BETANZOS

Duración: 30 horas



LUGO: 12-20 xullo, na Aula Seminario do Centro de Convivencia de Fingoi. Máis información: 982 231 154

BETANZOS: 26 xullo-3 agosto, no local do SLG en Betanzos. Máis información: 981 773 377

Actividade financiada por:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

O pasado 7 de xuño, no marco da 41ª Feira Semana Verde de Silleda, celebráronse varios concursos para premiar os mellores exemplares de razas galegas en perigo de extinción. En concreto, houbo competición en razas bovinas como Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa; e tamén en Porco Celta e Galiña de Mos. Máis alá do gando, tamén houbo certame de cans de palleiro. Cadrou que, nesta ocasión, houbo seis afiliados do Sindicato Labrego Galego que foron galardoados.

A aposta polas razas de gando galegas en perigo de extinción ten premio

En raza Limiá, **Lisardo López**, de Garabelos, en Baltar, fíxose co primeiro premio; mentres que **Xesús Pardal**, de Moares, na parroquia de Hermedelo (Rois), obtivo o segundo. Tamén conquistou o primeiro posto **Xosé Blanco**, de Cimadevila (Montederramo), con Vianesa; raza na que **Fernando Bouzas**, de Fontefría, en Toxosoutos (Lousame), levou o terceiro. En Caldelá, **Roberto Louzán**, de Viascón (Cotobade), foi galardoado cun segundo posto; e, **Xosé Barreira**, de Muimenta (Cospeito), levou para casa dous premios para os seus cans de palleiro (1º en macho novo e 2º en femia adulta) e outros dous para os seus porcos celtas (2º en machos e 2º en recrías).

Cómpre dicir que a maioría dos galardoados acumula premios de anteriores edicións nestes certames, polo que ver premiada a excelencia do seu traballo non lles é algo novo: Xesús Pardal foi 1º en Limiá en 2016; Xosé Blanco quedou 1º e 2º nos anteriores concursos; Xosé Barreira, o 1º en porca celta adulta en 2017; e Lisardo xa é a terceira vez que ve premiada a súa vaca Laga. Pola súa banda, Fernando Bouzas non só levou un 2º premio o ano pasado tamén, senón que dous animais de raza Vianesa que vendeu da súa gandería quedaron 1º premio o ano pasado e 2º neste. Pola súa banda, aínda que Roberto Louzán era a primeira vez que se presentaba a un certame, da calidade do seu gando dan testemuña os miles de persoas que se teñen dado cita na Festa do Becerro Ecolóxico ao Espeto de Cercedo-Cotobade, que o pasado 27 de maio celebrou a súa quinta edición.

Dende o Fouce, conversamos con todos eles e foi doado sacarles denominadores comúns á súa aposta polas razas autóctonas. Todos coinciden en valorar a rusticidade como un dos elementos que decantan a balanza a favor das nosas razas. Esa rusticidade fai que os animais podan vivir sen problema ceibos e ao aire libre e que ás penas teñan gastos veterinarios. Un bo exemplo é que estas razas bovinas, a diferenza doutras con maior aptitude comercial como a Rubia, paren soas no monte, sen



axuda de ningún tipo, e nunca dan problemas nos partos. Certo que os quilos por canal que dan os xatos son menos, pero a carne é de maior calidade, e o que non se gaña por peso, afórrase en gastos sanitarios.

E, máis alá das bondades destes animais, os premiados tamén coincidiron en valorar a súa aposta polas razas autóctonas como unha defensa dun patrimonio cultural noso, do pobo galego, que debemos poñer en valor

De esquerda a dereita e de arriba a abaixo:
Xesús Pardal, Xosé Blanco, Fernando Bouzas,
Roberto Louzán, Lisardo López e Xosé Barreira

e coidar para legarllo ás xeracións vindeiras, procurando que vaian a carón delas do mesmo xeito que fixeron coas devanceiras ao longo dos séculos: como unha parte insubstituíble da nosa identidade.